



Bieito Ledo

Padroso, Xunqueira de Ambía
23.2.1944

Licenciado en Filosofía. En 1975 abriu en Vigo a librería Ir Indo, para logo incorporarse a Galaxia como director-xerente entre 1979 e 1985. É cofundador dos Premios da Crítica Galicia, que presidiu durante os primeiros quince anos como presidente do Círculo Ouren-sán-Vigués. En 1985 fundou Ir Indo Edicións, na que leva publicado varios centos de títulos das máis diversas materias. En 1998 comezou un proxecto único e ambicioso, a Enciclopedia Galega Universal (EGU), que acaba de finalizar. É membro fundador de varias asociacións culturais, da Fundación Otero Pedrayo, da Asociación de Amigos do Couto Mixto, da Fundación Galicia-Empresa, do Foro Enrique Peinador e da Asociación Álvaro das Casas, entre outras, así como vicepresidente da Fundación Premios da Crítica Galicia. *Aconteceres* é a súa primeira obra literaria.

NARRATIVA

Aconteceres

Cando a vida che ofrece a posibilidade de coñecer xente cun interior tan fermoso, xorden unha serie de historias que non teñen por que ser necesariamente verdade, pero que tampouco teñen por que ser falsas. Desa ambigüidade nacen estes aconteceres, narrados en primeira persoa e onde o protagonista, o propio autor, ispe a súa alma para contarnos coa súa propia filosofía o que para el significa o amor, a familia, a intelixencia, a imaxinación, o esforzo e, especialmente, a amizade. O que conforma a existencia dun home é todo este conxunto de pequenas miradas cara ao pasado que nos dan a clave da persoa que Bieito representa no presente e no futuro.

ISBN 84-7680-591-8



9 788476 805916

J. Galicia

Bieito Ledo

Aconteceres



NARRATIVA

Aconteceres

Bieito Ledo



Aconteceres

© Bieito Ledo Cabido

© Ir Indo Edicións
Avda. Florida, 30
36210 - Vigo
Tlfn: 986 21 12 12
Fax: 986 21 11 33
comercial@irindo.com

Editor: Bieito Ledo
Portada: Óleo de J. García
Revisión lingüística: Anxo X. Rajó
Maquetación: Isabel Llantada e Iago Mínguez
Impresión: Imagraf

ISBN: 84-7680-591-8
Dep. Legal: VG-590-2006

Aconteceres

Bieito Ledo Cabido

Prólogo

Xosé González Martínez



NARRATIVA

*A Francisco (in memoriam) e Secundina,
meus pais.*

*A Anxos, Bieito e Anadía, miña familia.
E tamén, á rola, á carrizga e ao merlo.*

*Nin a metade dos aconteceres teñen por que
ser verdade, nin a outra metade falsos.*

PRÓLOGO

Na nosa memoria están acumulados os coñecementos adquiridos ao longo do tempo. Pero tamén están as anécdotas, circunstancias curiosas das que, pasado algún tempo, podemos extraer ensinanza. Cada quen ten as súas. Hainas que están tan ben escritas que mesmo semellan discursos literarios. Confeso que son un admirador deste xénero. Mesmo penso que debería proliferar máis a bibliografía deste cariz.

O feito de que a anécdota teña sido, popularmente, cousa para facer rir non denega nin rebaixa a máis extensa significación que aquí lle poñemos. Iso era o que dicía Eduardo Blanco Amor no prólogo ao libro de Xosé Núñez Búa, *Revoeira*, reeditado hai uns anos por Ir Indo Edicións. Un libro que fora editado inicialmente no ano 1971 polo Padroado da Cultura Galega de Montevideo, que recolle na peculiar prosa de Nuñez Búa, un pontevedrés exiliado no Uruguai, moitas historias pesoais dos galeguistas sobranceiros da pre e posguerra civil. A anécdota de uso situacional, reelaborada, repetida, moitas veces acomodada para *saír do paso* cun exemplo de efectos didácticos, exculpa-

torios, irónicos ou exaltativos, adoitan calquera que sexa a intención utilitaria, ser un recurso na tradición oral na que se inspirou a literatura elaborada.

“Sen esas recollas —di Blanco Amor— moitos breves escintileos do espírito, da intelixencia e do enxeño de tantos da nosa xeración que nos foron coñecidos, amados ou rexeitados, ficarían sen esta sorte de “parabio-grafía”, de bosquejos en que as anécdotas serven de claroscuro que dan, quizais, máis intuitiva verosimilitude ao suceso conxecturado que á rectidume —sempre equívoca— do retrato”.

Non faría falta que Bieito se inspirase neste libro de Núñez Búa, nin que admirase a capacidade máis que demostrada de bos contadores de anécdotas dos seus amigos Carlos Casares ou Basilio Losada. A Bieito abondaríalle con ter nado no seu Padroso natal para ser un contador delicado de relatos baseados na tradición oral. O demais é adobío que cada quen lle pon. E el faino moi ben; abofé que si. Eu, que compartillei algunhas delas, sorpréndome co relato que fai delas neste libro. Están ben contadas. E, sobre todo, porque o relator intenta extraer de cada unha delas unha ensinanza, que o lector agradece. Ás veces con retranca e outras indisimuladamente mordaz.

Anécdota forma parte da intrahistoria. Esa parte oculta dos acontecementos humanos. Cando acudimos a elas podemos entender algúns aspectos transcendentais. Na miña experiencia persoal teño moitas explicacións anecdóticas para comprender avances no proceso de normalización lingüística, xa sexa na xustiza, na administración ou no ámbito empresarial. Esas grandes decisións non se poden entender sen acudir-mos a feitos curiosos que determinaron a aceleración

ou a modificación de condutas lingüísticas, moitas delas compartidas co propio Bieito. Somos, pois, testemuñas de excepción de grandes transformacións socioculturais. E ata provocadores delas. Sería prolixo contalas. Algunhas delas nárraas el con indubidable maestría neste libro. Outras son da súa propia colleita, da peripecia vital dende que saíu da aldea sendo moi noviño, pasando polo Seminario, a emigración e a actividade empresarial e cultural desenvolvida en Vigo nos últimos trinta anos.

Foi precisamente en Vigo onde a súa frutífera actividade profesional, primeiro como libreiro, e despois como editor, propiciou esta cachoeira de historias tan ben enfiadas e mellor relatadas. Pense o lector que Bieito tivo a grandísima sorte de convivir moi de preto con algúns intelectuais da Xeración Nós e do grupo Galaxia, herdeiros directos daquel movemento intelectual de forte pegada na historia da nosa cultura.

Durante moitos anos dirixiu a Editorial Galaxia, modernizando a empresa, innovando as coleccións e coidando o seu deseño. Vencellou á editorial as novas fornadas de creadores e investigadores. Neste labor incansable tivo ocasión de coñecer moi de preto a aquelas figuras senlleiras da cultura galega, en xuntanzas dos consellos de administración, na cálida tertulia ou preparando proxectos culturais de vital importancia para a lingua galega. Velaí está a Biblioteca da Cultura Galega pola que tanto piaron os axitadores das Irmandades da Fala.

Daqueles cenáculos podería contar Bieito vinte mil historias, todas elas moi interesantes. Quizais algún día poida facelo co vagar e tranquilidade. Tempo há ter para facelo.

Agora, a Corporación de Xunqueira de Ambía noméao Fillo Predilecto do Concello e el quere agasallarnos con estes relatos cheos de tenrura e de emocionadas lembranzas. Coa súa lectura, eu, alomenos, sentín o arreguizo dos sentimentos, do tempo que se foi e con el as persoas que quedaron indeleblemente gravadas para sempre na miña alma. Non se foron porque viven para sempre en todos nós.

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ

FORZA TELÚRICA

Aconteceu, ben o recordo, o día trinta de setembro de mil novecentos cincuenta e seis, véspera do meu ingreso no Seminario Menor de Ourense, que preparara da man das mestras Dona Carmiña e Dona Leonor, na escola unitaria de Abeleda. Todo o meu saber proviña da Enciclopedia Álvarez, onde viña algo de todo. Historia Sagrada, aritmética, xeometría, xeografía, historia e, sobre todo, gramática. Resumindo, había que dominar as catro regras, a regra de tres e a raíz cúbica, os ríos de España, os acontecementos da historia máis importantes, as regras de acentuación, ler e escribir correctamente, e pouco máis, perdón, e moito máis: memorizar de cabo a rabo preguntas e respostas do catecismo do Padre Astete: “¿Quién es Dios? Dios es nuestro Padre que está en los cielos, creador y señor de todas las cosas, que premia a los buenos y castiga a los malos...” Sempre recordarei *de carretilla* e cunha certa cantilena a táboa de multiplicar e “El río Miño nace en Fuente Miña, provincia de Lugo, pasa por Lugo e Ourense e desemboca... ou: y en llegando un beodo a su casa, y en oyendo a un reloj dar

las dos dijo con mucha calma, ¡cómo dos veces la una! Este reloj anda mal...”

Pois ben, no mes de xuño acudíramos á capital máis de cincocentos rapaces de toda a provincia. Recordo que aprobamos cento vinte, entre os que se atopaban Antón Pulido, Evencio Domínguez, Ramón R. Vázquez, Antonio Rodríguez Rodríguez, Paco G. Novoa... Todos eles aínda hoxe amigos de meu.

No mencionado día outonizo, diante da miña casa de Padroso, á noiteña, a xente sentábase nuns maradoiros á conversa, circunstancia que eu agardaba cos que viñan do barrio de Aslaxas a buscar auga á fonte, que se atopaba a uns douscentos metros. Pola educación recibida acostumaba a collerlle o porrón, mercado na feira de Maceda e fabricado en Niñodeagua, ao señor Martín, para facilitarlle o pracer de falar na tertulia, cousa que facía con moito enxeño e utilizaba como *muletiña*, “me cago na caralla”.

A miña sorpresa foi cando cheguei á fonte, situada debaixo duns centenarios carballos, propiedade da miña familia. Atopeime cunha enorme asemblea que tiña redactado un documento que dicía:

En Padroso, Xunqueira de Ambía, Ourense, a trinta de setembro de 1956,

REUNIDOS:

Dunha parte os habitantes deste cacho do mundo que nos vimos chamando dunha maneira determinada dende hai máis de mil anos: rula, bubela, merlo, miñoca, ra, toupeira, pega, laverca, curuxa, ourizo cacheiro, lagartiña, paspallás e carriza.

En adiante denominados os HABITANTES.

Da outra D. Bieito Ledo Cabido, fillo de Francisco e Secundina, natural deste noso territorio e que ingresa mañá no Semi-

nario de Ourense para estudar latín, grego e outros saberes. En adiante denominado Bieito.

Ambas as partes con poderes suficientes para outorgarse o presente documento,

CONSTATAN:

PRIMEIRO: Que os habitantes teñen un nome que levan dende hai máis de mil anos.

SEGUNDO: Que na Enciclopedia Álvarez, na que tivo que estudar Bieito, os habitantes chámanse doutra maneira: tórtola, bobilla, mirlo, lombriz, rana, topo...

Por todo o exposto,

O HABITANTES ACORDAN como punto único e por unanimidade transmitirle a Bieito, responsabilidade que este acepta, toda a forza telúrica almacenada a través de centos de anos para que no futuro poida haber unha Enciclopedia onde aparezan os nosos propios nomes, para engrandecemento e honor de todos os habitantes da terra.


O que asinan por duplicado aos efectos oportunos no lugar e data *ut supra*.

OS HABITANTES

BIEITO

Unha copia do documento consérvase gardado no caixón do chineiro que fixera no ano cincuenta o señor Adolfo do Viñal, de madeira de castiñeiro, á entrada da casa petrucial e que ha dar memoria cando dentro de pouco haxa que lelo novamente, en proba de cumprimento despois de case medio século. A espera e o esforzo pagaron a pena.

Os HABITANTES comezaron a preparar por entón unha festa que duraría no dicir de D. Álvaro Cunqueiro “mil primaveras máis”.



A VIDA MESMA

Teño a impresión que todos os mozos e mozas que practican algún deporte están de principio vacinados contra a delincuencia e as drogas, grandes males da nosa época. E nese sentido todos os esforzos económicos e humanos serían poucos como elementos preventivos desa gran lacra.

Pero o deporte é moito máis. É toda unha escola de convivencia, de solidariedade, de disciplina, de pracer compartido, de entusiasmo, de esforzo. Pon en movemento todas as pezas das que dispomos: ósos, músculos, xuntas, líquidos, articulacións..., dando a sensación de que nos pertencen primeiro no exercicio e posteriormente no doce cansazo, momento este que inflúe na nosa mente, que sente a rendición do noso chasis ao mesmo tempo que un mesmo se decata de que a imaxinación non ten fronteiras.

Son admirador dos colectivos que se identifican cos deportes; dos seus organizadores que, utilizando o seu tempo —o ben máis preciado que temos—, ofréceno desinteresadamente en favor da colectividade.

O deporte, ademais, humanízanos, fainos participar con entusiasmo e logo aceptar con elegancia a implacable realidade que con tanta sabedoría e intelixencia galega facía o noso grande adestrador Arsenio Iglesias que, ante un gran partido, dicía que podían producirse tres cousas: empatar, gañar ou perder. Para iso non hai outro remedio que xogar. A vida é un xogo en que ás veces se perde, pero tamén en que hai que loitar para gañar. A vida mesma.

ALGO MÁIS

Coñecín a Carlos Casares no ano 1956, cando entrei no Seminario de Ourense. El xa cursaba cuarto e estaba na comunidade dos “retóricos”. Destacaba para os máis pequenos, que era o meu caso, porque xogaba moi ben ao fútbol; creo que lle chamaban o “Cubalita”. Como escribía moi ben nas revistas que editabamos a multicopista, gañaba todos os concursos literarios e facía unhas crónicas dos partidos de fútbol que mesmo parecía un profesional. Saíu do Seminario ao ano seguinte, cando cursaba quinto e logo xogou algunhas tempadas no equipo da súa vila, do que tanto falaba nas súas colaboracións xornalísticas, o Antela, de Xinzo de Limia.

Pasaron os anos e o Carlos comezou a publicar de moi novo *Vento Ferido*, na Editorial Galaxia. No ano 1972 atopeino no metro de París coa súa dona Kristina, que ía de camiño para Suecia. Logo, cando en 1975 decidín apousentar en Vigo, abrindo a librería Ir Indo, a nosa relación –libros e cultura por medio, incluídas as longas e pausadas conversas–, foi medrando; incluso me apadriñou ante D. Ramón

Piñeiro para que entrase eu como director xerente na Editorial Galaxia.

Neste meu período de seis anos, viaxamos xuntos e imaxinamos mundos e títulos de libros que moitos se converteron en realidade. Poucas persoas conviviron con el tantos anos coma min, con experiencias tan profundas: a construción da súa casa en Vilariño da que foi arquitecto máis que os propios profesionais, o barco, a moto, os trens, os paseos no verán por Panxón, as presentacións de libros, etc.

Foi certo que cando marchei de Galaxia se produciu un profundo desencontro que acabou en ruptura. Durou pouco coa eficaz e discreta intervención do noso común amigo Modesto Hermida. Aínda máis, non deixou nel nin en min cicatriz nin **resabio** algún; algo do que el estaba moi satisfeito e eu tamén.

Podería contar moitísimas e variadas anécdotas do seu, e sempre variado, repertorio, pero sen dúbida a máis antropolóxica e posiblemente a que mellor nos define aos galegos era aquela que el contaba con moita parsimonia e graza. Ao parecer, o Carlos chamou o seu amigo Antonio, carpinteiro, con obradoiro preto da súa casa de Vilariño, para que fora tomar medidas dunha libraría que quería facer e que previamente deseñara en papel. Cando o señor Antonio estaba subido nun tallo para tomar as medidas, o Carlos, que ía apuntando todo no plano, preguntoulle: señor Antonio, canto mide...? E respondeulle: algo máis dun metro escaso. Isto un non galego endexamais sabería cantos centímetros son, Carlos seguro que os apuntou con exactitude.

DURMIR FÓRA DA CASA

Hai uns días tiven ocasión de participar nunha mesa redonda sobre a situación e futuro do libro galego convidado pola Fundación Caixa Galicia. Pois ben, dentro da miña breve intervención lembrei con admiración e cariño, como non podía ser menos, a D. Xosé Filgueira Valverde, eminente e polifacético profesor, a quen alá polo ano 1976, cando eu chegara a Vigo, a miña cidade de adopción, lle escoitei unha reflexión que endexamais esqueceréi. No coloquio da súa brillante conferencia contestou, coa sinxeleza e sabedoría que o caracterizaba, que a diferenza fundamental entre Catalunya e Galicia radicaba en que os cataláns teñen orgullo da masía, mentres os galegos se avergoñan da aldea. Que gran verdade!

Ao lembralo o outro día dixen que non vai moito que “dorme fóra da casa”. Ao rematar o acto, perfectamente organizado da man e intelixencia de Isabel Suárez, achegóuseme unha señora preguntándome se esa frase era miña e se a podía utilizar. Díxenlle que si, que as palabras son patrimonio común. Confesoume emocionada que a ía utilizar dentro duns días nunha necro-

lóxica de aniversario en lembranza do seu querido pai “que vai xa para un ano que dorme fóra da casa”.

A cousa non quedou aquí, xa que a seguir veu onda min un señor con fasquía de executivo e cara intelixente e repetíume que esa frase fora o que máis lle gustara. Eu aproveitei para dicirlle que esa sensación tamén a acababa de ter unha señora. Entón el díxome:

—Pero non a todos lle gustou porque a un amigo que estaba ao meu carón non lle fixo graza ningunha.

—Pois xa ves como hai distintas sensibilidades. A vida é así, e así ten que ser.

—Si é certo, pero o que non sabes é o por que desa sensación. É que o meu amigo ten noventa e seis anos.

A FESTA COMO DIVERTIMENTO

Na sociedade romana imperaba aquel dito en latín de *panem et circenses*, que dito á nosa maneira quere dicir que necesitamos comida e divertimento. Por fortuna o primeiro, entre nós, témolo bastante ben solucionado. Podemos incluso afirmar que estamos abusando en demasía con tantas festas que enxalzan e mesmo disputan unha marca de Guinness facendo a tortilla máis grande, a empanada, o cocido..., como se tiveramos acumulada a fame durante séculos e, como se dun meigallo se tratara, quixeramos botala fóra. Non digamos nada se acudimos a unha voda e nos castigan a estar na mesa máis de seis horas soportando o alude de fontes e máis fontes de mariscos, peixes e carnes sen que en case nada se teña evolucionado buscando calidade e divertimento que non sexa o “que se besen”, tirando a destra e sinistra anacos de pan, menudo circo! Na outra beira do asunto están os médicos que, a base de pastillas e dietas, nos están recomendando que debemos comer menos cantidade, mellorando a calidade e variedade.

O outro aspecto da vida, o divertimento, case sempre nolo ofrecen enlatado para o seu consumo, onde

non temos nin arte nin parte. Somos só consumidores, non somos actores. Por iso cando eu recibo unha chamada do Xosé Manuel, o da Celerina, que xunto ao outro Xosé Manuel, o da Perfeuta –veciños e entusiasmas animadores ambos os dous da miña querida vila de Xunqueira de Ambía–, para que me sume como socio á festa castrexa que comezaron a organizar con notable éxito e participación, sentín un refoleo de aire fresco que me inundou todo o motor. Aos poucos días recibín unha longa e agarimosa carta, cando xa infelizmente non se recibe ningunha, que me fixo sentir as miñas raíces e a convición, que teño e propago, de que o pracer compartido é máis pracer. Senón que llelo pregunten a todas as persoas que a base de xuntanzas, pescudan o noso pasado castrexo, a todos aqueles que con entusiasmo compartido mercan as teas e demais material, e durante o ano elaboran as vestimentas para logo festexar en comunidade aberta e solidaria; aquí é onde tamén teñen acubillo os de Cartagena, que nos honraron o pasado ano coa súa presenza, que mesmo nestes momentos están aprendendo a tocar a gaita galega. Á marxe dos pequenos detalles, discutibles polos eruditos, conviña manter unha unidade de acción e entusiasmo, que impedisese que liortas e controis desfagan un gromo vigoroso que pode medrar se entre todos o regamos e o coidamos como algo que nos une, nos comunica e nos fai sentir felices, sendo nós os propios actores.

TRASALBA

Nos tempos en que eu estudiaba na Universidade de Galaxia, cualificativo acertado do profesor Carlos Alonso del Real, tiven a sorte de coñecer, entre outros ilustres personaxes dos que recibín non poucos coñecementos e experiencias, a Agustín Sixto Seco. Quizais pola proximidade da idade e a súa enorme capacidade de xestión, sempre me resultou prazenteira a relación con el; algo que hoxe se lle chama “química”, e que non se sabe moi ben o que é, pero que existe. El e Fina, a súa dona, foron dende aquela moi bos amigos meus. Existen feitos polo medio que así o acreditan.

Polos anos oitenta púxose en funcionamento o Patronato da Fundación Otero Pedrayo para xestionar o legado que don Ramón deixara en xenerosa doazón a Galicia. Agustín quixo que eu formara parte da xunta directiva, circunstancia que durante todos estes anos me permitiu —os días que tiñamos reunión pola tarde en Trasalba—, ir xantar á súa casa da Rosaleda. Nestes encontros, Fina, boa coñecedora da miña afección polas lambonadas, tiña sempre preparadas unhas deli-

ciosas peras ao viño tinto ou unhas cremas coas que nos chupabamos os dedos.

Con este sabor de boca nin que dicir ten que as viaxes que logo emprendiamos cara ás terras dos Chaos de Amoeiro, foron para min unha verdadeira escola de galeguismo. Nunha daquelas travesías, co doutor Sixto ao volante, ideamos a organización e os contidos da que logo sería a Festa de Trasalba, que se vén celebrando dende hai vinteún anos no souto de Cimadevila, en Trasalba. É das poucas onde se está a gusto, é plural, hai xente de todos os recantos do país, misa para os devotos, acto literario, música e xantar para o que só se precisa adquirir unha cunca deseñada por Díaz Pardo coa figura da persoa galardoada. Mellor e máis, imposible.

AGERE CONTRA

Cando paso por Ourense, algo que fago con moito frecuencia camiño da miña Xunqueira natal, recordo os paseos que os xoves e domingos realizabamos dende Hervedelo, lugar onde se encontran os dous seminarios, o Menor e o Maior. Saíamos formados en fila con fondo de a tres, rigorosamente enfundados en sotana negra, con faxín, exclavina e bonete, baixo o mando impertérrito de D. Perfecto Sulleiro, rigoroso seguidor da ascética do bispo Tamiño.

Daquela pasabamos de cincocentos seminaristas, divididos en catro comunidades. Primeiro e segundo, con doce e trece anos de media, eran os latinos. Terceiro, cuarto e quinto, catorce, quince e dezaseis anos, os retóricos. Todos no Seminario Menor. No Maior estaban os filósofos, primeiro, segundo e terceiro, dezaseite, dezaioito e dezanove anos, e os teólogos, os últimos cinco anos. Total, doce anos en que dende o 1 de outubro a finais de xuño, eran nove meses de duro internado. Non tiñamos outra alternativa que levantarnos moi cedo, ducharnos en auga fría, baixar á capela para facer meditación durante media hora, logo misa, almorzo,

limpeza de habitacións, sesión de estudo, clases durante toda a mañá cun pequeno recreo, e xantar. Das tardes xa falaremos.

Toda a ascese estaba baseada no *agere contra*. Contra que...? Contra o pecado da natureza, do corpo. Isto explica que cando tiñamos moita sede naqueles paseos organizados e planificados ao lado do pai Miño, nos meses calorosos de maio e xuño, D. Perfecto Sulleiro impúñanos esta contundente e convincente máxima que tiñamos que repetir para que o espírito saise triunfador: “hay una fuente, tengo sed, luego no bebo”. Nunca vin tanta coherencia.

NA ESCALEIRA

Estaba en Madrid dando clases. Era o ano 1973. Un día pola tarde, na primeira clase comezou de repente a anubarse. Ameazaba treboada. A min esta situación transmitíume sosego, paz, tranquilidade, recordos; aos alumnos púxoos alborotados, nerviosos, inaguantables... Comecei a pensar o por que e decateime que eu era galego e que eles pertencían á Meseta. Un galego necesita ver chover a miúdo, somos da cultura da auga, hoxe por certo revalorizada polas securas que nos últimos anos padecemos polas Españas. En cambio, os meus alumnos eran de secaño e isto nótase. Ao marcharme do colexio, camiño do acubillo do fogar, pasei por unha tenda para mercar verduras e celebrar a chegada da auga cun caldo galego. Aínda que non encontrarei produtos agás lacón, tan pronto como comezou a fumeigar a pota pensei que me encontraba en Xunqueira de Ambía.

Certo día, os de PREU, co tempo COU, e hoxe 2º de Bacharelato, tentaron tomarme o pelo co tópico do galego que está na escaleira e non se sabe se sobe ou baixa. Entón eu, utilizando o método socrático,

púxenlle o seguinte exemplo: imaxínade que o próximo domingo vos levantades cedo para ir de excursión á serra. Mirades pola ventá o día e os vosos pais, que aínda están na cama, preguntanvos polo tempo. E vós con rotundidade afirmades que está bo aínda que algo frío. Eu, que marcho esta fin de semana á miña terra, na mesma circunstancia respondo que pode que chova e pode que haxa sol, o día pode ter varias caras, todo depende de por onde veña o vento. Cal dos dous foi máis sincero na resposta...? Non souberon contestarme.

MOLLAR A PALABRA

Cando vou á aldea, patria das miñas raíces, remocícaseme o corazón, verba esta utilizada por don Álvaro Cunqueiro para expresar o que lle acontecía a el cando acudía ao seu natal Mondoñedo.

Nese cacho do mundo todo me resulta familiar, os camiños, os carballos, o vento, os paxaros, os olores... Na casa onde me hospedo vén sendo a mellor do mundo en canto a prezo-calidade. A atención máis que profesional é maternal. Os sentimentos suplantán os saberes. O dono, Francisco, é unha persoa da aldea, moi vital, con sentido do humor e con moitas ganas de vivir malia os seus 87 anos.

Coa miña chegada e presenza procuro transmitirlle optimismo contándolle sempre cousas que o poidan alegrar a el e á súa dona Secundina. Case sempre o logro, pois os maiores conténtanse con pouco. Nunha das ocasións, cando compartiamos o xantar, a Francisco servínlle viño tinto nun vaso de “nocilla”, que era a medida que, segundo prescrición médica, podía tomar. Coa miña presenza, a cerimonia do xantar alongouse máis da conta e a Francisco acabóuselle a ración e

reclamoume que lle servise máis. Díxenlle que o médico non o permitía. Pero el, sabiamente, contestoume: “non é para beber senón para seguir mollando a palabra”. Nunca escoitei mellor eloxio do viño. Francisco era meu pai.

CHAVOLAS

**Especialidad en vinos de Ribeiro de cosecha propia.
Comidas y tapas variadas**

Para comezar, o letreiro é sumamente explicativo e co inconfundible selo de pertencer a outra época, aquela en que abundaban as tabernas de xentes chegadas a Vigo en busca de mellor vida cá que tiñan polos anos corenta e cincuenta por terras de Ribadavia. Non hai moito que unha das zonas de viños máis concorrida era a parte vella de Vigo, onde se podían saborear acompañados dunhas tapiñas acordes co ambiente. “Póñame un ribeiro, por favor”.

Este costume forma parte, en gran medida, do pasado. A xuventude estao substituíndo pola movida, que tamén fixo acto de presenza nestas rúas con horarios non sempre compatibles co sagrado dereito ao descanso dos conveciños.

Un dos bares que aínda se conserva co aire de pasado é o Chavolas, na rúa dos Cesteiros. Mantén as instalacións cunha limpeza que se agradece e o sabor popular dende as paredes, onde se encontran fotografías dedicadas de ilustres clientes, ata os pipotes de viño e as mesas longas de madeira cos seus respectivos bancos a ambos lados invitando a compartir. E, o que é

máis importante, a atención afable e desbordante dos seus donos Juan e Milagros que dende hai sesenta anos veñen derramando simpatía a esgalla. Non será isto o éxito desta taberna onde se poden paladear dende unhas sardiñas, uns chinchos ou unha centola da ría...? Se non que llo pregunten a Xesús Alonso Montero, que acompañaba sempre por alí a José Luís Aranguren, aos Quesadas Antonio, Fernando e Xaime, aos tamén pintores Virxilio, Xavier Pousa, Sucasas, Laxeiro, Lodeiro..., ao actor Pepe Sacristán, aos do teatro La Cubana, a Víctor Freixanes e Malós, que compartían, xa hai moitos anos, a veciñanza e parladoiro cos seus numerosos amigos, ou á tripulación de Aviaco e Air Europa que asiduamente recalán neste recanto do Vigo antigo para repostar forzas como se dunha gasolineira de combustible humano se tratase. Non só de pan se vive, tamén son necesarios os ribeiros cun prato de calamares e peixe pequeno ao lado, nun parladoiro que humanice os acontecementos, tamén os pequenos, con moitas palabras.

MELLOR AQUÍ

Cando era pequeno os obreiros que non podían vir comer a casa a mediodía levaban a comida, tamén chamada na miña terra a *zampeta*, nunhas fiambreiras de latón que a ama de casa, por entón ningunha estaba apuntada no paro, preparaba de véspera. Non faltaba a bota de viño ou no seu caso a botella. A hora do xantar era a unha, momento en que aparecían un grupo de obreiros diante das obras en construción ou a carón dos pequenos talleres; no verán sempre o facían debaixo dunha sombra e noutras épocas do ano buscaban un chisco de sol que lles axudara a quecer; se ía frío acencían o lume, circunstancia que algúns aproveitaban para quentar algo a súa comida. O aspecto tanto na vestimenta como nos utensilios, incluída a navalla, era bastante deplorable.

Veume esta estampa ao maxín porque non hai moitos días que en Mañufe, e diría mesmo o nome do restaurante se me acordara, me acheguei a xantar a un lugar que me recomendaron como moi económico e ao que acudían moitos obreiros. Efectivamente, cando chego co meu coche encontro o aparcamento

repleto de distintas marcas e modelos. Os obreiros eran a maioría da construción, segundo a conversa que se escoitaba, con pinta de terse duchado a véspera, o que quere dicir que na casa hai auga quente e que utilizan zapatos, pantalón e camisa limpos, algo que amosa que ao rematar a faena se cambian. O comedor e mesmo os servizos están moi limpos, con xabón, secador de mans e toallas de papel. As mesas con mantel de papel enriba dun de tea, con dous pratos xa colocados diante de cada cadeira, servilleta e unha botella de viño tinto e outra de gaseosa, que logo puiden comprobar que era para beber segundo as necesidades, o que quere dicir que non estaba racionado. De primeiro había, entre tres ofertas máis, paella, riquísima. De segundo comín churrasco de porco con ensalada. De sobremesa un flan. Total, oferta menú, noventa e cinco pesetas. Logo veu o vicio que todos satisfacían, café, copa de brandi e faria, incluída repetición. Para resumir todo isto non chegaba ao importe dunha hora máis de traballo. Concluí que non compensa ir a casa a comer e que os nosos obreiros viven en moitos aspectos hoxe mellor aquí que os de Alemaña. Xa era hora.

O TEMPO

O tempora, o mores!, como dirían os latinos. Pero, que é o tempo...? Na época de estudante definiámolo como a sucesión dos acontecementos. E se non os hai?... Imposible. Sempre acontece algo, unha nube que se move, un ventíño que pasa acariñándonos a faciana, o noso corazón que late, os ollos que pestanexan, un ruído que escoitamos, algo que tocamos. Todos estes pequenos aconteceres non son os que precisamente nos dan a vivencia do tempo que nos deixa marca, que logo recordamos. Todo isto pásanos, case sempre, desapercibido e se non somos sorprendidos por acontecementos maiores temos a sensación de que non vivimos con intensidade.

As vivencias son necesarias, pero hai que provocalas. Diríamos que temos a necesidade de darlle contido ao tempo como cando cheguei a esta capital do sur no ano 1975 e compartiamos xantar e parladoiro no bar Roucos unha pandilla variopinta a escala profesional e ideolóxica. Algo que lembro con agarimo, quizais porque tiñamos que erguernos para encher a cunca no pipote de viño... Por que será? Teño comido tantas

veces con tanta xente e só de poucas conservo a vivencia, dito doutra maneira, son poucas as veces de que son capaz de retrotraer a pantalla da miña memoria como se fora un cachiño da miña película onde me ten tocado traballar de actor. Por alí andaban Pipo, Ángel, Meniño..., e dos nosos motores acelerados saían palabras cargadas de utopía que arrolaban tan pracenteiramente as viandas. Será por iso que agroman os recordos...?

FACER UN CESTO

Resulta frecuente atopar nos barrios das cidades a persoas da terceira idade, os nosos vellos como se lles chamaba antes, con aparencia de aldeáns, circunstancia que se nota na vestimenta e no comportamento. Aparecen, sobre todo, nos parques, en animadas conversas, posiblemente contándose as moitas e diversas calamidades en que tiveron que gastar os días. Son os pais ou sogros de cidadáns que hoxe teñen acadado prestixio social. Hainos incluso con luxosas mansións, que en nada se asemellan aos lugares de nacemento, onde naquel tempo non había nin luz nin auga corrente, e a calefacción era unha taza de caldo moi quente antes de se deitar xunto coa caloriña que viña de debaixo do sobrado, onde durmían as vacas e o burro. Isto que estou recordando sucedía coma quen di onte. Que axiña esquecemos!

Aínda que o peor de todo é querer ocultalo. Avergoñarnos da presenza dese noso familiar que se mostra tal cal é, pero que non coincide co noso estatus social actual. Ás veces danse escenas pintorescas como aquela en que mandaban deitar a avoa antes de

tempo para que non a viran os convidados que viñan cear. Sobre este noso complexo do pasado teríamos que facer unha reflexión colectiva para convertelo, definitivamente, nun motivo de orgullo. Isto é: todos aqueles que ao nacer a vida lles deu poucos vimbios e foron logo capaces, con traballo, constancia e imaxinación, de facer un cesto, deben ter a valentía e a satisfacción de non ocultar a penuria de onde veñen. Moitos non quixeron tecer e pasaron a vida sen facer nada ou, o que é peor, desfacendo o cesto que fixeran os seus antepasados. Quédalles a imbecilidade da abundancia, que están malgastando. A algúns só podemos reconecelos polo apelido. Algo é algo. De recordos tamén se malvive.

O CAMBIO

Iso de que calquera tempo pasado foi mellor resulta, na inmensa maioría dos casos, unha enorme falsidade. O que acontece é que a cinta da nosa memoria, traizóanos a cotío. Coa perspectiva que nos vai dando o paso dos anos soemos conservar no maxín os recordos das cousas que nos foron gratas e borramos as outras.

Se botamos a mirada só trinta anos atrás e lembramos as circunstancias en que os galegos nos encarabamos coa vida, temos que chegar á conclusión de que todo aquilo era moito máis difícil. Tanto na vestimenta, na manduca, na vivenda, nos medios de comunicación, no ensino, na medicina... E cando digo difícil son abondo benevolente; case todo era pura miseria.

Operouse neste período un cambio substancial na escala de valores e neste territorio é onde, posiblemente, padecemos un atraso antropolóxico. É dicir, saímos perdendo. Valores permanentes como a solidariedade, a xenerosidade, o sentido da colectividade, foron caendo en decadencia para seren substituídos polo excesivo afán de triunfo individual a base da feroz competi-

tividade. Necesitamos dos outros aínda que só sexa no balbordo da súa presenza.

A sociedade clamaba polo cambio, polas mutacións que afectaron profundamente aos medios de produción. A terra estaba ben aboada para que un colectivo, neste caso político, nos vendera a necesidade do cambio. E claro que cambiamos. Estou convencido que case todo foi para mellor... O difícil é pórnos dacordo en que fomos a peor, para cambiar.


XA TEÑO UN

Un dos libros que máis me influíu nos meus tempos mozos foi *El hombre como encuentro*, de Rof Carballo. Lembro os distintos encontros. O neno encóntrase co xoguete, coa nai, mediante o espello consigo mesmo coma imaxe, cos outros nenos. Máis tarde o encontro é co descoñecido, co misterio, co máis alá e aínda, se é crente, coa transcendencia. Medramos e realizámonos no encontro. E, no desencontro? Tamén, pero menos. Diríamos que a xeito de contrapunto.

Todo isto vén a conto, e niso coincidimos case todos, de que a cidade de Vigo nin facilita, nin provoca o encontro. Estamos desencontrados. Non dispomos dunha praza céntrica, con palco de música para as nosas bandas, que as temos boas e moitas na bisbarra, para que poidan pórllle melodía ás nosas conversas.

Algo disto houbo, cando me encontrei, despois de preto de oito anos, cun amigo que vive nesta gran cidade do sur. El sabía das miñas andanzas e eu das del. Conversamos mentres esperabamos polas nosas respectivas fillas que estaban en clase de música, no Conservatorio. Súbonos a pouco e ao despedírmonos

convideino con toda a cordialidade do mundo para que viñera un día pola tarde ao meu traballo e poder ter o pracer, que nos podemos permitir os editores, de darlle un libro. Sentínme frustrado cando me respondeu que xa tiña un.



O MATERIAL

Din os entendidos que nun piso de noventa metros o feito de que a estrutura leve as porcentaxes adecuadas de cemento, ferro, area, etc, supón só unha cantidade ben pequena de cartos. Aínda así, hai construtores, ao parecer, que aforran esa mísera cantidade na porcentaxe do valor final da vivenda. *Porca miseria!*, diría un italiano. Isto non quere dicir que logo haxa perigo de derruba, nin moito menos.

Neste período de feroz e salvaxe competitividade as dinámicas empresariais van dirixidas ao máximo aforro nos distintos procesos de fabricación. Con algo de aquí e algo de alí logran que o produto final resulte a un prezo de mercado que gañe a dura batalla da oferta e a demanda: o mercado.

Non foi este o meu caso. Aparecín por Ourense hai bastantes anos con Anxos e os dous fillos, Bieito de catro anos, e Anadía de dous. Eran nenos movidos e simpáticos, tamén medrados. Cando llos presentei á miña tía Concha, muller simpática e ocorrente, escoitei o mellor eloxio que teño recibido: Caramba, que rapaces tan feitos, como se nota que non lle escapastes ao material!

AIINDA QUE TERIAS MOITO QUE PUXAR

O CASO É

Le voiture
que non quex
in adiante
↓



IR INDO

Por que os galegos temos tanta morriña...? Hai explicacións variopintas, pero o caso é que cando nos atopamos fóra do noso territorio este estado da alma resulta tan potente que nos empurra, sen que haxa case nada que o remedie, ao regreso.

Na miña estada en Madrid non podía botar máis de dous meses sen vir a identificarme coa aldea. Pois ben, nunha desas viaxes atopeime nos Cuatro Vientos de Abeleda con Juan de Padroso, o Quintas. En toda a comarca pasa por un personaxe ocorrente e curioso. Traballa de carpinteiro e posúe dotes de relación humana, mesmo diría que goza de simpatía xeneralizada. Recentemente constituíu unha charanga, el toca a caixa, o seu fillo o acordeón, e como o fan con gañas logran crear ambientes festeiros. Non cobran, pero a xente é xenerosa e dálle espontaneamente para os gastos.

A miña relación con el foi sempre moi gratificante. Polo ano 1974 andaba eu coa teima de regresar a Galicia e montar unha librería. Cavilaba no nome. Os substitivos non me gustaban xa que aparecen moi pechados, xa feitos: Cervantes, Curros Enríquez, Rosalía de

Castro, Breogán... Estaba máis convencido en pórlle un verbo, indica acción, movemento, dinamismo. Andaba eu nesas cando nunha das viaxes coincido co Juan e no medio da amena conversa espétame “o caso é ir indo”. No ano seguinte nacía en Vigo unha ermida de palabras con este nome, a librería Ir Indo. Hoxe, tantos anos despois, aínda hai xente que me segue chamando “señor Irindo”. Só teño unha dificultade, que non podo empregar como *muletinha* esa expresión. Os amigos acusaríanme de publicidade encuberta. E cando me preguntan en que dirección, sempre lles digo que enfrente do nariz.

A IDADE

Cando vexo a un amigo despois de moito tempo normalmente atópoo máis vello cá imaxe, que a modo de arquivo, conservo del na cámara do meu maxín. Empezando polo tellado, o pelo branco ou medio calvo. A cara engurrada. O pescozo como o dunha galiña desplumada e na medida que vas baixando coa mirada, atopas as ausencias da xuventude.

Claro que esta reflexión non ma aplico a min, que aínda non me vexo así cando me miro no espello. A dicir verdade, teño que confesar que xa non posúo aquelas gañas de comer o mundo. Na maioría das cousas doume por vencido. Comezo a vivir de recordos. Estareime facendo vello...?

Miña tía Asunción, de oitenta e moitos anos, foi o outro día a un enterro na parroquia de Poedo. É quen de camiñar ao día varias légoas e conserva as facultades mentais totalmente lúcidas. O defunto tiña 98 anos. Cando regresou confesoume que ela quería morrer antes, que non quería chegar a vella. Será certo que a xuventude vai no corazón...? Se así fose hai que conservalo. Non se lle pode dar a ninguén.



NA FLOR DA DIANTEIRA

No ano 1976 celebrouse en Vigo a primeira manifestación contra a pena de morte, tras a desaparición de Franco. A organización e convocatoria na sombra era das forzas políticas progresistas, aínda non legalizadas. Daquela era preciso o permiso governamental que se conseguía no Goberno Civil de Pontevedra. Poñían moitas dificultades e para suavizar a situación, os líderes acudiron a uns cantos pimpíns para que asinaran a solicitude e se responsabilizaran da manifestación, na que só estaba permitido corear os eslogans autorizados pola censura. Recentemente chegado a Vigo, e sen comelo nin bebelo, alí me encontro ao lado doutro libreiro, Roi Alonso, termendo da pancarta da cabeceira da manifestación de preto de 15.000 persoas. Faltou pouco para que foramos á cadea. Non se cumprira o que tiñamos asinado.

Malia esta experiencia, nunca renunciei a asumir compromisos e dar a cara. Iso si, prefiro que non me manipulen. Non me gusta ir facendo rabaño. O horizonte, o vento, o descoñecido está sempre na flor da dianteira. Ás veces, tamén o desencanto.

NIHILISMO

Contoumo o Manolo Mandianes que lle pasara na súa aldea de Loureses, cando regresara de Barcelona para pasar uns días identificándose coas súas raíces.

Atopouse co señor Teolindo, o home máis vello do lugar, con preto de cen anos, que ante o saúdo agarimoso de Manolo, espetoulle: mira, eu sonche un ninguén que vou para ningures, pola canella abaixo! En Madrid isto non o entenden, porque non saben o que é unha canella. O antropólogo Manolo Mandianes diríalles: é a maneira máis perfecta que eu teño atopado para definir o nihilismo.

COMO TEN QUE SER

Non é raro que persoas non nacidas neste noso país, pero que comparten a vida connosco, valoren moito máis ca nós as nosas cousas, mesmo as que conforman a nosa identidade. Tal acontecía con Antonio Arenas, conselleiro delegado e director xeral de LARSA, que mesmo estando a empresa en mans, daquela, dunha familia galega, facían a súa publicidade en catalán, en Catalunya, pero ¡o contradición!, en castelán aquí en Galicia, onde os seus provedores, os nosos gandeiros, entregan todos os días o leite das súas vacas, que son munguidas e coidadas na nosa fala, e non noutra.

Antonio Arenas, madrileño, intelixente e audaz, capaz de participar da ironía e da retranca que nos son propias, soubo comprender axiña a necesidade de galeguizar a empresa, dende a redacción do convenio colectivo ata os impresos que notificaban as entregas diarias de leite. Claro que tal decisión chocou, inicialmente, coa rutina do comité de empresa que escribía todo en castelán, aínda que o idioma habitual dos seus membros fose o galego. Tamén, a xeito de exemplo de como o noso país segue estando enfermo, lembrar a

aquel perito agrícola da Terra Chá, galegofalante toda a vida, coordinador da recollida de leite na provincia de Lugo, que protestou ante a dirección de LARSA porque lle chegaban os impresos nunha lingua en que nunca se fixeran.

Comentando estes curiosos avatares nun xantar presidido por un delicioso arroz con bogavante, foi onde naceu a inolvidable experiencia de cinco días no Camiño de Santiago que realizamos un grupo variopinto de amigos dende O Cebreiro en tempos outonizos. Para a escolleita dos participantes, Antonio Arenas, o Pepe de Redondela e mais eu, puxemos dúas condicións: tolerancia e levarse ben consigo mesmo. Todo funcionou de marabilla e aínda por riba fartámonos de rir nos parladoiros das noites presididas por Carlos Casares. Como ten que ser.

INTELECTUS APRETATUS

Parece ser que a escaleira inventouna un coxo diante da imposibilidade de subir a unha mazaira para coller mazás. Isto quere dicir que a necesidade aviva o enxeño e pola contra a abundancia tende a relaxar as condutas. É a voz da experiencia. Dito máis claramente, a pobreza denigra, a riqueza corrompe e a austeridade purifica, senón que llo pregunten a Isaac Díaz Pardo.

No Seminario de Ourense, polos anos sesenta, estaba prohibido fumar, mesmo na comunidade dos filósofos, con 18, 19 e 20 anos. Xa poden imaxinar que o non permitido dá máis pracer se está socialmente perseguido, como era este caso. Os pecadores dispuñan de habitación individual, pero sen chave na porta, circunstancia que permitía a revisión por parte da superioridade que podía comprobar, sen ningunha traba, o lugar segredo e rebuscado onde se agochaba o tabaco. Entre a roupa, debaixo do colchón da cama, nalgún dobre fondo da mesa ou da silla, detrás do espello fixo do lavabo... Todos estes lugares eran descubertos polo Prefecto, nome que tiña o cargo do superior.

O que nunca puido descubrir por moito que o intentara, foi o lugar onde o gardaba o Paco G. Nóvoa, acérrimo fumador, ata que un día, previo compromiso de que non sería castigado, confesou que tiña os cigarros nunha orixinal cigarreira. Gardábaos na cana da vasoira á que lle afundía os nós e lle colocaba logo un tapón. A vasoira descansaba sempre, inxenua, debaixo da cama. *Intellectus apretatus discurret que rabeat.*

ROMARÍA

Polo ano 76 a efervescencia e proliferación dos movementos veciñais en Vigo era importante. Tiñamos fame acumulada de moito tempo. Pasada a secura da ditadura todo o mundo quería estar en algo.

A min tocábame a asociación de veciños de Vigo-Oeste. Alí coincidimos, rebobinando a película, xentes de moi diversa ideoloxía e profesión. Estaban presentes todas as forzas políticas e a estratexia era notablemente satisfactoria. Entre os que habitualmente asistíamos ás asembleas lembro a un personaxe que sen coñecernos de nada enseguida estabamos dacordo en canto a formulacións e accións a levar a cabo. Poucas veces me teño atopado cunha persoa coa que teña coincidido tanto. Só coa ollada xa chegaba. Claro, ningún dos dous nos perdiamos en disquisicións ideolóxicas, tan frecuentes e esterilizantes daquela. Hoxe, anos e anos despois, vemos abeirados e na cuneta da amargura a tantos *loitadores* da época. Xosé Carlos Abal segue na brecha, como ten que ser.

A pesar do dito anteriormente, as asembleas parecían un auténtico parlamento. A min un día ocorríuse-

me pospor discusións e encamiñar o movemento veciñal a solucionar problemas menores, pero que afectan á convivencia e benestar dos cidadáns. A primeira realizámola no monte Aloia, en Tui. Estaba un día de chuvia e eu aparecín cunha coroa, vestimenta que os máis novos descoñecían. Mesmo unha nena de ollos curiosos, filla de Fernando Randulfe, me bautizou co nome de *hombre-pájaro*. A familia de Paco García, tan numerosa e unida, foi cedo e fixo un cocido, do que logo repartiron un caldiño, comportamento que agradecemos moito, xa que o día estaba algo frío. Nacía así a primeira Romaría da Caída da Folla. Aos seis meses celebrouse con todo o movemento veciñal de Vigo e con máis de trinta autocares e ducias de utilitarios a da Saída da Folla. A experiencia durou varios anos. Non estaría mal que a resucitaran; os cidadáns habíanllo agradecer. Sería unha forma de convidar á participación no territorio do lecer, en definitiva, na parte da vida máis prazenteira; festa compartida.

A GRAVATA

Hai traballos en que é imprescindible acudir con gravata. Esta prenda masculina no tempo da calor resulta abondo incómoda, pero hai que lle recoñecer que é trasunto de elegancia. No mundo funcional o normal é vestir informalmente, e a non ser os altos cargos é moi raro ver gravatas, circunstancia que tamén se dá no campo do ensino. Pero, é pedagóxico o desaliñamento...? Como debería ir vestido un profesor para que á parte de ensinar fose un referente a imitar polos alumnos...?

No meu caso recoñezo que ando poucas veces con gravata, só a considero imprescindible para as relacións sociais, e ben sei que a elegancia contribúe ao éxito. Sei tamén que un gran amigo, durante os duros tempos da resistencia política utilizaba zapatos de marca ben lustrosos, pantalón de calidade e perfectamente pranchado, camisa impecable, chaqueta, e por suposto, a gravata ou o lazo. Tal aparencia valeulle para que a policía, nas moitas ocasións en que o detivo, o tratara con respecto, ademais de liberarse dalgunha malleira, tan correntes por aquel entón.

Non hai moito, sendo as dez da mañá e indo eu elegantemente vestido, cunha gravata de seda, tanto que parecía un alto executivo, entrei nunha céntrica cafetería de Vigo. A seguir achegouse un novo e pulcro camareiro para dicirme: *¿Qué le pongo?* Contesteille que me faría moita ilusión que me puxera unha albarda, pero que probablemente non a tería. Disposto a compracerme, dirixiuse ao seu xefe, un home da miña idade que estaba na outra esquina, xunto á caixa rexistradora. Cando o inxenuo rapaz lle estaba preguntando se tiñan o demandado, eu, erguendo algo a voz para que me oíran, remachei: —Por favor, quéroa á medida se é posible. O dono, un tipo da Cañiza, escachaba coa risa. Creo que non me deron ningunha mala contestación nin lles pareceu mal a miña absurda petición, grazas a que levaba gravata. Senón, outro galo cantaría.

A RÍA DE VIGO

Teño un amigo que cando ten que viaxar, ao pasar de Benavente ponse enfermo de ver tanta planicie e mesmo lle entra unha angustia en todo o corpo que o fai suar. Ao revés do que lle sucede cando regresa e chega a Puebla de Sanabria; daquela, os ventos, os cheiros, as cores, as nubes, comezan a reconfortarlle as cordas e tensores da máquina interior. Dime que non aturaría vivir nunha desas aldeas instaladas na meseta, xa que tal situación ten por forza que potenciar as inclinacións místicas. Non por casualidade son destes horizontes, en que é imprescindible mirar cara ao ceo, Santa Teresa de Jesús e San Juan de la Cruz.

Para ser xustos temos que aceptar que alguén que veña desa procedencia vivencial lle custe adaptarse aos nosos pequenos horizontes, ás nosas chuvias, ao noso peculiar hábitat. Pero a experiencia tamén nos di que os que proceden das chairas adáptanse moi ben ao noso territorio, chegan a quere-lo e admiralo tanto que non poucas veces se converten, para vergonza dos que consideramos nativos, en grandes defensores, mesmo en practicantes habituais do

noso idioma, moi respectuosos de todos os costumes do país.

En Galicia hai lugares fermosísimos e moi variados, recantos ao lado dun regato ou río, mesmo microclimas que fan producir mirambeis, limóns ou kiwis.

A miña particular vivencia procede das terras altas de Xunqueira de Ambía, frías, pouco produtivas e que limitan coa lagoa de Antela; cara ao sur resultan horizontes amplos, con Sandiás e Xinzo de Limia ao fondo. Só esta percepción explica a reacción do meu pai, hai moitos anos, un día que íamos no barco de Cangas. El, ao ver o mar tan sereniño, dixo: “Se todo isto que se ve fose terra, vaia leira de patacas”. Posiblemente ninguén fixo unha gabanza maior da Ría de Vigo.

A AUGA

Estes anos pasados en que a secura castigou a varios territorios de España, a cultura da auga mudou dunha forma importante. Primeiro nos cidadáns que son da Meseta, Extremadura ou Andalucía, que teñen a sorte de vivir entre nós onde non temos eses problemas. Pasaron de maldicir a chuvia a valorala. É preferible que sobre a que que falte, como é o noso caso. Segundo, os que habitan neses territorios de secura que mantiñan un concepto de Galicia como un lugar que chove constantemente, que manifestan con certo ton de desagrado cambiaron este cliché.

Recordo dúas anécdotas de meu pai. Estouno vendo debruzado na porta da casa observando como chove miudiño polo outono, despois de dous meses de secura e dicíndolle a un veciño: “Servando, hoxe médranos o capital”. A segunda é algo máis pesimista. El tiña a vivencia do ruído da auga cando ceibaba unha laga, cando viña unha crecida por mor da tronada, cando ía regar ao lameiro da Lama ou do Cachón, ou cando baixaba pola carreira da auga batendo con-

tra as pedras. Coas pistas do parcelamento e os cambios da labranza observou que o mundo ía mal, que se ía acabar. A auga xa non canta. E nótase unha certa tristura.


LIBROS

Hai poucos días estiven na Feira Internacional do Libro de Frankfurt, en Alemaña. Teño que confesar que nunca vin tantos e tan variados libros. Estaban alí practicamente todas as culturas e linguas do mundo. Tamén tiña presenza mediante un *stand* da Xunta de Galicia o noso código de valores, a nosa marca máis orixinal e indeleble. Alí estaban os nosos libros amosando a súa feitura e galanura ao mundo enteiro, aos milleiros de profesionais que deambulaban polos inmensos corredores, e que observaban a tan diversificada produción en canto a temas, xéneros, formatos, ilustracións fabulosas... Libros de arte, de arquitectura, de medicina, de informática, de lingüística, de dereito, infantís, novelas... Todo era unha interminable exposición de colorido, unha auténtica festa da palabra; alí estaban as palabras de todo o mundo, que marabilla!

Teño que confesarvos que un remataba cegado, abraiado, ofuscado por tanta palabra.

As palabras cansan, era preciso o silencio.

E no silencio as palabras medran.



O TEMPO

Hai unhas semanas dicíalles eu, neste pequeno espazo da Radio Galega, que hai dúas vivencias que nos marcan de pequenos. Son o espazo e o tempo.

Este último, o tempo, ten en todos nós nesta época de caída da folla unha particular maneira de interiorizalo. As noites están medrando continuamente e os días, en consecuencia, devecendo. O frío vaise apoderando da nosa conversa como invitándonos á vida sosegada e tranquila. Mesmo apetece estar na casa, ir ao cine, ao teatro, a unha conferencia... Todo nos axuda á reflexión. Vivir o tempo. Ter conciencia que por esta época do ano parece que todo vai máis a modo, máis paseniño.

Que vivencia do tempo tan distinta a do verán e a do inverno! Cunha dor de moas ou nunha partida de cartas, mesmo cando un queda atrapado nun elevador que se estropea ou cando se comparte comida e mantel en grata compañía. O tempo cúrao todo, vaino cambiando todo como ben dixo Rubén Darío:

“tempo hai de todo: hai tempo de amar
tempo de gañar, tempo de perder
tempo de plantar, tempo de recoller
tempo de chorar, tempo de rir
tempo de rasgar, tempo de coser
tempo de espaxer, tempo de recoller
tempo de nacer, tempo de morrer.”

Hai tempo para todo e non nos chega o tempo
para nada.

O MUNDO

O ser humano podemos definilo como a consciencia do tempo e do espazo. É un ser tempo-espacial. Esta vivencia, os que somos de aldea témola xenuinamente distinta, e deixounos moito máis marcados. O espazo, o territorio éranos familiar... Os camiños, as leiras, os montes, as árbores, os animais, os ventos, as calores, as chuvias e nevaradas... O tempo era lento e cíclico, marcado por vivencias colectivas: a sementeira, a sega, as colleitas, o entroido, a matanza, o Nadal, a festa do patrono..., e, como non!, tamén por acontecementos dolorosos.

Un destes pasoulle a unha veciña chamada Narcisa, que lindaba, camiño por medio, coa miña casa. Eran anos, os sesenta, de pouca abundancia e a Narcisa era unha muller viúva, con dous fillos pequenos, que vivía da labranza, sustentada en dúas vacas, por certo ben mantidas. Pois ben, un día sen saber por que nin por que non, apareceu unha delas, a Vilaboa, morta na corte. A desgraza foi de grandes dimensións tanto para a interesada como para o vecindario, que acudiu para axudala a subir no carro,

que logo a trasladou ao monte da Lomba para que a comeran os cans e os lobos.

A situación afectou a toda a aldea, menos á Narcisa, que nos días seguintes aparentaba tranquilidade e, incluso, bo humor. Meu pai, desconcertado, preguntoulle polas razóns que a mantiñan en tan envexable equilibrio anímico.

—Mira, Francisco —dixo, Dios que fixo o mundo que teña mau dil, se non que non o fixera.

Cando me acontece algo a min, acórdome de Narcisa e penso que o mundo non cae, de momento.

O MOTOR

A experiencia de dar clases é algo gratificante, aínda que como todo, chega a aburrir e cansar. Se fora posible na selección dos mestres terían que estar imposibilitados os amargados. Dito doutra maneira, os que se leven mal consigo mesmos, que por desgraza son moitos. Que lle pode transmitir coa mirada un destes a un neno de cinco anos? Neste caso é imprescindible a tenrura, o sorriso, o aloumiño, o afecto, o equilibrio do trato. Os saberes teñen menos importancia. Os nenos teñen que medrar no territorio dos sentimentos.

Cando eu daba clases en Madrid, no Liceo Sorolla de Puerta de Hierro, un día ocorréuseme expresar a vida do ser humano a través dunha metáfora. O neno, ao nacer, é un xoguete que hai que mover; logo, ao ir medrando vaise convertendo en xoguete con corda, triciclo –xa ten algo de autonomía–, bicicleta –consegue velocidade–, mobilet –ten motor–, moto –pode tamén transportar a outro de paquete–, coche utilitario –capacidade de constituír familia–, autobús –liderar movementos sociais– e avión –líder indiscutible–. Tiven a sorte de suscitarlle a curiosidade sobre si mes-

mos. Lembro que ao remate, unha rapaza de quince anos preguntoume onde debía encadrarse ela. Díxenlle que no territorio da mobilet e deume pé para entrar no marabilloso e complicado espazo da adolescencia, tempo no que se pasa de neno a adulto con todo o que supón de mutación física e cambios psíquicos. Hai unha certa autonomía e o motor require combustible, buxías, cambios de aceite, revisión de rodas e, sobre todo, freos. Non teñen capacidade para transportar a un segundo viaxeiro, aínda que circunstancialmente o fagan. É a época do flirteo. O chasis estase acabando de facer, pero coidado co motor, pódese queimar.

AS CHANZAS

Nos internados, a convivencia resulta aburrida e monótona. Se compartir a vida entre dous xa resulta complicado, como será entre moitos! Pasar días e meses as vinte e catro horas baixo un mesmo teito, como lle ocorre aos soldados, ás monxas, aos frades, ou aos estudantes, non é nada levadeiro. Hai tempo abondo para imaxinar as cousas máis raras e orixinais.

Nos cuarteis, polo que contan e trascende fóra, ás veces o que existe é abuso de poder. As novatadas sófrenas os inexpertos, os que sucumben baixo o mal gusto dos veteranos.

Contarei dúas experiencias, das moitas que teño da miña estadía no Seminario de Ourense. Unha aconteceu cando cursabamos segundo ano de Teoloxía, con vintedous tacos ao lombo. Como non resulta difícil adiviñar, a comida era alí pouco apetitosa e nada variada: sopas e caldos lavados, patacas secas con escaso compango, lentellas viúvas, fabas negras con areas e bichos... Para variar, un tal Moncho, o Pulido e mais eu decidimos montar garda e control sobre os pichóns das pombas que criaban nas torretas. Non eramos os

únicos. Cando contabamos que os animais xa estaban na plenitude, decidimos subtraelos. Metémolos nunha caixa de cartón que levamos a unha das habitacións desocupadas, alá pola parte do Auditorio. Un xoves, cando saíamos de paseo pola tarde, á altura da tenda do Mazaira, mercamos aceite, pementos morróns, guisantes, aceitunas, e non sei cantas cousas máis dispostos a celebrar a *cuchipanda*. Pero ningún dos tres era experto no sacrificio e no desplume. Tampouco na cociña, polo que todo foi a base de improvisación. Para iso funcionamos cun “inferniño” eléctrico e unha lata grande de sardiñas como freidora. A pesar do tempo e dos aderezos que lle fomos engadindo, os pobres animais quedaron durísimos, pero aínda así demos cabo deles. Claro que despois, durante a cea no refectorio, non probamos bocado e tivemos que pedir tres mace-las. Menos mal que non estabamos xuntos e non se notou nada.

A outra foi cando o Abel, un compañeiro amable que gastaba humor e facía de sancristán, decidiu dispor do viño da misa para obsequiarse a media tarde cun ponche, para o que utilizou os ovos que lle traían os seus pais cada quince días. Daquela, tomar un ovo bati-do con viño de misa e azucre era algo moi estimado porque alimentaba e daba enerxía. Pois ben, un domingo pola tarde, cando todos marcharan de paseo, o Sierra, que facía de enfermeiro, o Paco Nóvoa, o Pulido e mais eu, decidimos ir á habitación do Abel para balei-rarlle todos os ovos empregando un alfinete para facerlle dous buratiños en lados opostos e logo soprar-lle para baleiralo. Despois, cunha candeia, tapámoslle cunha gota de cera un buratiño, e cunha xeringa inxec-támoslle auga con moito azafrán e taponamos o outro.

Cando regresaron do paseo contámoslle todo ao Máximo e pedímoslle que ao subir da merenda fora pola habitación do Abel para que o convidara a un ponche. Ao día seguinte alguén fixo unha poesía que, a modo de periódico improvisado, nos alegraba aqueles monótonos e longos tempos; titulábase: “O Abel ten os ovos chocos”.



ROMA

Cando estudamos nos libros imaxinamos as cousas a partir do que lemos, das ilustracións e do que lle escoitamos aos profesores. Logo, cando temos a oportunidade de contrastar esas imaxes coa realidade, decatámonos de que non se corresponden. Cando comprobamos a realidade, podemos sentir frustración ou quedar extasiados. Este segundo sentimento é o que lle ocorre a toda persoa que chega a Roma por vez primeira. Todo é sorprendente. Dende a Vía Veneto, coas súas luxosas cafetarías e concorridas terrazas, ata as despampanantes e atractivas mulleres que deambulan provocando os homes nesa luxuriosa rúa.

O tráfico é lento, como corresponde a unha cidade cargada de miles de anos de historia. O peón, ao contrario doutras urbes, é dono e señor de cruzar por onde e cando queira, sen que tal conduta lle sexa recriminada polos condutores.

Ao pensar na Cidade Eterna, vennos á memoria Xesus Cristo e a súa doutrina. E claro que se nota se observamos a cantidade de igrexas que hai, sobre todo o Vaticano, lugar de concentración diaria de milleiros

de peregrinos de todo o mundo. A fe pode mover montañas.

Os monumentos son tantos e tan variados, que resulta difícil concentrarse nalgún. O Coliseo, as Termas, a Fontana de Tréveris, a Piazza Navona... E os italianos? Teríamos que falar mellor dos romanos, *porca miseria*. Teñen tanta sabedoría, acumulada ao longo da historia, que aos españois os coñecen de lonxe, sen preguntar nin falar, só pola aparencia. Os romanos teñen unha pose, algo que os distingue, desde o quiosqueiro que sabe moitas cousas de España, ata os camareiros, funcionarios, estudantes... Fan gala de certo señorío mesturado cunha pillería moi especial.

Non por seren o centro da cristiandade, todo o mundo alí ten fe, nin moito menos. Indo eu unha tardiña por unha das rúas do centro, preto da Estacione Términi, achegouseme unha señorita e díxome: *Andiamo a fare l'amore*. Eu díxenlle: *Non lo so fare. Non lo credo*, contestoume. Xa ven como non tiña fe. Hai cousas que non se contaxian.

A SONDAXE

Resulta moi común escoitar que para facer un investimento hai que facer antes un estudo de mercado. Hoxe en día estes traballos saen moi caros. Hai que dirixirse a eses magos do futuro para que afirmen do acerto ou da equivocación do proxecto. Claro que por onda nós, a fiabilidade das enquisas, no caso de que as haxa, resultan cando menos sospeitosas. O si e o non teñen moitos matices, tantos como caras pode ter un día.

Cando eu fixen o primeiro investimento, tan importante que tiven que empeñarme ata as orellas, tamén fixen un estudo. Verán. Era o ano 1975. Merquei un local pequeno para unha librería. Xa se sabe que o nome ten moita importancia, así que baseei o meu traballo en tres accións. A primeira consistiu en pintar de vermello e verde o capó dun mil quinientos negro que fora taxi en Madrid durante quince anos, que tiña andado un millón e medio de quilómetros e que polo tanto era xa moi veterano. Colocábao estratexicamente aparcado en lugares do centro de Vigo por onde necesariamente desfilaban ao día moitas per-

soas. Resultado: ao ver o anagrama e o nome da librería provocaba un sorriso e a xente detíñase. A segunda foi un adhesivo que ía colocando ao ir de viños e que dicía “o caso é” na parte de arriba, á que se sumaba unha tartaruga no medio e debaixo outra mensaxe que rezaba “ir indo”. Tivo tanto éxito que cando entraba na taberna da Viuda sempre me dicía que tiña clientes que a querían. A terceira consistiu en que na véspera da apertura, o 22 de decembro, procedín ao reparto de cincocentos papeis, tamaño *cuartilla*, en papel de estraza co seguinte texto:

“o caso é
Ir Indo
A librería que axuda a chegar
Príncipe 22, segunda planta”

...E unha tartaruga no medio. O reparto fíxeno na rúa do Príncipe ás oito da tarde. A aceptación foi tal que os viandantes só tiraron cinco. Ao día seguinte fíxose unha caixa de 27.500 pesetas. Todo un éxito. A sondaxe funcionou. Sobre todo fora moi barata.

HAI QUE VIAXAR

A finais do ano 1975 morría o ditador Franco, un ano en que decidín, penso que con satisfactorio acerto, vir a Vigo e instalar definitivamente a miña tenda de campaña, é dicir, vin coa intención, despois de varios anos de nomadismo e unha vez queimada esta etapa, de sedentarizar. Estas dúas etapas, como lle sucedeu á humanidade, penso que deben realizarse por esa orde. E máis aínda para os galegos, por estar no recanto xeográfico e por consecuencia dos só 90º graos de saída por terra, no mellor dos casos contando con Portugal, que por aquelas datas era rigoroso estranxeiro, con necesidade de pasaporte para poder atravesar a ficticia e estraña raia da fronteira.

Os rapaces precisan, para autovalorarse e identificarse coa súa colectividade, viaxar por cantos países e culturas poidan, iso si, coas antenas despregadas e coa nosa peculiar sintonía e receptividade, pero coa mesma curiosidade e interese co que o fan os xaponeses, incluída a cámara fotográfica.

Aconteceulle hai dous anos a meu fillo Bieito, que durante un mes estivo en Inglaterra perfeccionando o

seu inglés. Nin que dicir ten que no seu universo mundo, o feito do estudo obrigatorio desa internacional lingua, lévao inconscientemente a engrandecer e sobrevalorar o país que lle deu orixe. E con esa idea aló marchou da man da organización do colexio Rosalía de Castro. Pero resulta que, case sempre, a imaxe que se leva na cabeza non coincide coa realidade. Neste particular caso enseguida me confirmou telefonicamente que a comida era escasa, pouco variada e mala, que a hixiene da familia coa que convivía era un desastre e que a calidade de vida era inferior á nosa. A idea que tiña de Inglaterra e dos ingleses véuselle abaixo. Total que regresou con máis confianza en si mesmo e isto, digo eu, non redundará, incluso, na creación de máis postos de traballo? Xa mo dicían a min de pequeno, na aldea de Padroso, para aprender, andar e ler. E ao mellor xa entón tiñan razón: hai que viaxar.

A EMIGRACIÓN

Pasara o curso estudando en Roma nunha das Universidades pontificias e aproveitei a distancia e a oportunidade de regresar por París e queimar os días de verán naquela magnífica cidade. Ademais, nunca estiven por alí.

Para queimar os tres meses de vacacións tiveron que traballar nunha enorme lavandaría do barrio parisino de Ici les Molineaus. Cando digo enorme, quero manifestar que daba traballo a varios centos de persoas; os mellores postos desempeñábanos os franceses e o resto os emigrantes: arxelinos, portugueses, galegos... A carón da nave de traballo estaba instalado un gran barracón de madeira que facía de lugar de residencia para os empregados estranxeiros. Eran habitacións compartidas para seis, con liteiras, armario corrido de metal con divisións duns 50 centímetros de ancho e porta con peche de cadeado, similares aos que hai hoxe nas obras de construción. Con esas dimensións xa poden imaxinar o contido; na parte alta, roupa ou os chourizos traídos da aldea colgados dun cordel; no fondo a roupa sucia, calcetíns, zapatos, etc. A cociña

consistía nunha serie de fogóns comúns, o mesmo que os fregadeiros. Á entrada un gran frigorífico onde cada quen ía colocando os seus víveres. Ah!, esquecía que os cacharros particulares de cociña tamén se gardaban na habitación. Os meus compañeiros de traballo tiñan un horario de dez horas na lavandaría, incluíndo as extras, de tarde todos saían a facer *menage* unhas tres ou catro horas, circunstancia que dobraban os sábados pola tarde e os domingos pola mañá. O único tempo libre que lles quedaba era a tarde do domingo que aproveitaban para botar un tute ou un subhastado despois dun abundante xantar. Todo isto explica que as Caixas de Aforros medraran moito naqueles anos. Nunca esquecerei o meu compañeiro de cuarto, Manolo, de Vilarullo da Cota, en Vilardevós.

A flota de reparto compoñíana máis de cento trinta vehículos. Neles ía o condutor, sempre francés, e os mozos de carga-descarga, emigrantes. Eu cambiaba case todos os días de coche e, por consecuencia, de ruta, así que tiveron ocasión de coñecer algo das partes do servizo dos grandes hoteis, restaurantes, supermercados..., lugares onde tiñamos que depositar a mercancía limpa (lenzos, toallas, mandís, albornoces, trapos de cociña, etc) e recoller a sucia. A xefa destes servizos era sempre nativa, os demais, xa se sabe.

Lembro unha das rutas ao extrarradio polo variado e pintoresco da mesma, tamén a relación cordial cos clientes de carnicerías, tendas, etc, ata un rótulo dun bar onde se podía ler: *Ici le cliant é le rein, mais ne pensez vous que le chef ferai de reine*. Pódese aprender algo en calquera lugar. Tamén en París.

OS GATOS

Unha vez tiveren que darlle unha charla a un numeroso grupo de homes e mulleres da terceira idade no día mundial en que se recorda esta implacable realidade.

Decateime que o que podía facer era transmitirlle ilusión, optimismo, gañas de vivir e recordeilles o pasado e que a vida cambiara moito e para ben. Lembreilles tamén que a vida dos gatos tiña mellorado, xa que cando eu era pequeno na miña aldea andaban con frecuencia cun rato na boca, cando chegaba a pescantina con xurelos e sardiñas, poñíanse tolos co cheiro. E comían a rabiar as cabezas e as espiñas... Agora, en cambio, están feitos uns señoritos, incluídos os dous da miña nai. Á mañá empezan a miañar esixindo o almorzo e a pobre de Secundina ten que erguerse da cama e facerlle café con leite, xunto cunhas galletiñas de María; e non acaba aí a cousa, porque os domingos failles chocolate con churros, ponlles mantel de liño e uns panos para que limpen ben os fuciños.

Ao saír abordoume unha señora que tiña pinta de non ter vivido nunca nunha aldea e díxome: ¡Oiga, lo de los gatos de su madre...! ¿Es verdad?

Convideina a que fora comigo o próximo domingo á miña aldea de Padroso.



OS CABREIROS

Sempre me gustaron as personaxes orixinais, as que teñen algo dentro, as que comunican simpatía. Inconscientemente rexeito os opacos, sosos, mediocres, vampiros... Sorprendeume o outro día na vixésima edición dos Premios da Crítica a distinción que fixo o amigo Xesús Ferro dos seres humanos. Os ovelleiros e os cabreiros. Os primeiros non ofrecen nada nin aos demais nin á historia, nacen, medran, algúns reproducense e todos morren. E non deixan nada detrás. Pasou o rabaño. Que desolación! En cambio os segundos soñan, pensan, gozan, imaxinan o territorio comunal. Fan evolucionar a historia, iso si, mediante peaxe. Dito doutra maneira, con incompreensión, con envexa e en non poucas veces con persecución. Cando estudaba filosofía escolástica no Seminario, ao remate da tese aparecía: “como se demuestra lo dicho con algunos ejemplos”. Poñamos un. Os cabreiros foron nun tempo recente Castelao, Bóveda, Otero Pedrayo, Curros Enríquez, Valle-Inclán, Ramón Piñeiro, etc. Os ovelleiros déixolles a vostedes que fagan a lista, é moi longa, coma un raba-

ño. Por onde van arrasan. Nunca mellor dito. Deixan todo a ras.

Teño un amigo que se confesa ateo. Di que non cre. Non hai moito coincidín con el na presentación dun libro en Redondela que se debía en gran parte á súa intervención. Isto valeume para demostrarlle que o libro, como tantas outras cousas que entre os dous temos imaxinado, pasara de non existir, ao mundo da realidade e que segundo o Padre Astete, fonte en que ambos os dous bebemos, iso é a fe: *Creer lo que no vimos*. Dende entón penso que o Pepe de Redondela tamén é crente, e cabreiro por suposto.

QUE PESO!

Cando falamos da Igrexa pensamos nos bispos e nos cregos, que son os que mandan. Dos primeiros hai poucos. Media ducia en Galicia. De aí o dito “é máis raro ca un bispo”. Os cregos, hainos a centos, son de procedencia rural. Nos anos sesenta e setenta non había outra maneira de ascender que non fora ingresar nun seminario. Malia esta orixe, o clero, en xeral, nunca se encarnou na nosa sociedade e os bispos aínda menos. Estes vivían en Palacio Episcopal. Agora cambiáronlle de nome, pero, os cregos xa non lles temen nin obedecen.

Vivir coma un cura era unha apetencia cobizada popularmente. A verdade é que estes habitantes se limitaban a media hora de traballo ao día que naqueles anos realizaban nunha lingua morta, o latín. Logo pasaron, non sen dificultades, ao castelán. O galego deixárono para o adro e as timbas do *tresillo* dos días de enterro despois dun succulento xantar.

Socialmente eran respectados e temidos. Expedían os certificados de boa conduta, imprescindibles para o ingreso en seminarios, colexios relixiosos e

nos corpos de seguridade do Estado. Obrigaban a asistir todos os domingos ás funcións relixiosas onde amedrentaban cos castigos divinos, sobre todo co inferno.

Coñezo a un destes curas, hai moitos máis, que era todo o contrario. Contoume que no ano 1969 o bispo Temiño mandouno de estrea para preparar unha freguesía para visita pastoral, xa que o vello crego acabara de finar. Xa se poden imaxinar vostedes como sería a Boa Nova que predicaba para lograr que ningún dos homes da parroquia pisara a igrexa, agás nos enterros. O meu amigo, con só 25 anos ao lombo, meteu en poucos días e sen esforzos no peto a todos os parroquianos, incluídos os anticlericais e ateos. Celebrouse o precepto cunha serie de charlas liberadoras, onde o inferno era levarse mal co veciño, ter malos camiños por onde transitar, ter que ir buscar auga á fonte todos os días, en vez de ter auga corrente, ter cada veciño dúas vacas en vez de organizar cooperativas gandeiras... “Este é dos meus, é un cura comunista”, dicían.

Antes da chegada do bispo en visita pastoral, que por certo non entrou baixo palio na igrexa, como era de rigor, celebráronse as confesións. Conta o meu amigo que esta experiencia é moi desagradable en canto que os penitentes só se acusan do que non é pecado: xurar, palabrotas, malos pensamentos... Recordo a un penitente alto, duns 28 anos, coas mans encalecidas, que se axeonlla tremendo e confesa que peca coa noiva. O habitual nestes casos era regodearse preguntando o como, cantas veces, en que lugares. O meu amigo preguntoulle pola idade da noiva, 24 anos, se estaban namorados, *locamente*, dixo. Fíxolle

saber que tal conduta non era pecado, senón todo o contrario, que o podían seguir facendo, iso si, con responsabilidade, e explicoulle o método ogino. O penitente, como se expulsase o maligno das súas entrañas, exclamou: “Hai, que peso me saca de enriba, vou feliz!”

**NIHIL EST IN INTELECTO
QUOD PRIUS
NON FUERIT IN SENSIBUS**

Se é certo que non hai nada no entendemento que antes non pasara polos sentidos, como expresa este aforismo latino, que en tempos mozos aprendín no Seminario de Ourense, institución á que tanto lle debo, teño que confirmar e confirmo que neste pequeno territorio onde nacín e medrei, e onde teño gravadas no meu disco duro as primicias das imaxes, dos sons, dos olores, dos sabores e do tacto, está a miña patria, Padroso.

DOUS INVENTOS

A chegada do primeiro aparato de radio á miña aldea de Padroso, en Xunqueira de Ambía, foi todo un acontecemento. Era unha Telefunken. Ao principio acudiamos os rapaces todas as noitiñas a casa do señor Martín das Laxas, o propietario da radio, para escoitar cancións daquela época... Meu pai, pasado un tempo, mercou unha, coa que escoitaba con moito tino a Manolo Escolar, como lle chamaba el. A súa canción preferida era “Mi carro me lo robaron”, que logo tataraxaba cando andaba arando ou guiando o carro das vacas.

Anos despois apareceu a televisión, ante a admiración e a incredulidade de moitos. A miña tía Asunción, ao saír o domingo da misa e pasar por diante da tenda do Pepe, viu o aparato; logo achegouse a casa e comenoulle á miña nai: *vinche a televisión na taberna do Pepe, quedaba falando coas mulleres de Casasoá.*

O primeiro televisor que chegou á aldea de Grixó, en Ramirás, foi o da xastraría de meu sogro Manuel o “Reluces”. Todo un acontecemento, claro. Un día pola tarde, cando se estaba televisando unha corrida de tou-

ros chamou a unha veciña que pasaba cunha fouce camiño dunha herdade, para que subira a ver o invento. Ao entrar na xastraría e ver dentro daquel caixón un animal tan mantido e bravo, colleu algo de medo. O Manuel, ante tal situación, díxolle: *María ten coidado, ponte preto da porta porque teño medo que o boi se bote fóra e te encorne. Por que non vas aí á miña horta a buscar unhas verzas, por se acaso...?* Dito e feito, a María alá foi e apareceu de novo pola porta cunha presa de verzas na man ensinándollas e dicindo: bicho, bicho, bicho..., o touro nin sequera lle dirixiu unha mirada.

O DIÑEIRO

O meu pai tivo case durante toda a vida unha fonda preocupación: aforrar por se aparecía unha enfermidade. Daquela non existía a Seguridade Social. Era preciso acudir ao médico particular, sempre moi caro e sobre todo se había que se desprazar á *fonte limpa*, a Santiago. Había familias que tiñan que empeñar case todo o que tiñan para valerlle a tempo ao enfermo, cousa que non sempre se conseguía.

Na súa vellez xa non estaba preocupado. As veces que estivo internado, cando a ambulancia o recollía diante da casa, cando acudía ao médico de cabeceira en Xunqueira ou tiña as medicinas gratis, el, desconfiado por tantas adversidades da vida, case non daba creto ao que lle pasaba. Eu sigo pensando que é un milagre moderno, moito maior cós de Fátima, que calquera viandante en territorio español poida entrar por urxencias, se este é o caso, e poida ser operado inmediatamente, sen esixirle nada, nin un papel. A fartura actual, en todas as ordes, impídenos ver en perspectiva o pasado. Convén non esquecerlo para podermos paladear o presente. Faise

mellor a dixestión das cousas que están mal, que son algunhas.

Meu pai tamén defendía que o corazón do home é o diñeiro, cousa por outra parte moi comprensible. Era o ano 1974. Eu tiña cinco días de vacacións polas festas de San Isidro en Madrid. Animeino e alá apareceu entre outras cousas cun gran paquete de rosquillas de cazo feitas por miña nai. Que boas estaban! Na capital aproveitei para levalo ao circo, ao aeroporto de Barajas, onde gozaba ver no horizonte un paxariño que pouco a pouco ía medrando ata chegar preto de nós e gomitar máis xente que ten a nosa parroquia de Abeleda con oito aldeas; parecíalle un milagre que viñeran todos xuntos polo aire. No zoo pasouno moi relaxado. Os animais, aínda que estraños a maioría, éranlle familiares. Aproveitaba para darlle unhas herbiñas e falarlle en galego, claro. E entendíano. Pero onde mellor o pasou foi na corrida da Beneficiencia das Ventas, presidida polos príncipes Juan Carlos e Sofía. A praza estaba abarrotada. O que máis o sorprendeu foi o toureo a cabalo. Que o touro fora tan preto do cu do cabalo e que non lle chegara a tocar. Que listo é o do cabalo, carallo! Fartouse de berrar e animar. Ao ver que os do lado miraban para el, díxome: se ves que o fago mal, dasme nun pé. Non fixo falta.

Acompañeino a coller o tren no Príncipe Pío e aproveitei para recordarlle que o corazón do home non é o diñeiro, senón a cultura e decatouse que tiña razón. Levaba a carteira chea de billetes e non lle fixeran falta.

O CEBREIRO

A viaxe fora moi amena. Non era para menos, cunha condutora como Kristina e uns acompañantes como Xosé María Fonseca, Carlos Casares e Pepe de Redondela. O lugar de destino era o Cebreiro; alí nos deramos cita un grupo de amigos de varias procedencias xeográficas nos tempos da caída da folla. Fomos os primeiros en chegar, agás os xornalistas de *La Voz de Galicia*: Isabel e Xurxo Lobato, que logo nos ía retratar. Despois chegou o grupo máis numeroso, procedente de Santiago: Antón Santamarina, Xosé L. Blanco Campaña, Paulino Novo, Pedro de Llano e os de LARSA, Antonio Arenas e Gaspar Barreras, procedentes da fábrica de Vigo nun Land Rover que faría de coche-vasoira e porta-víveres para o *taco* de media mañá e mesteres varios. Os últimos en incorporarse foron os de Ourense, o Manolo, que durante os cinco días que durou o camiño fixo maxistralmente o seu papel de médico, e Juan Fonseca, que contribuíu poderosamente coa súa humanidade á relaxación e ao bo clima na convivencia. Ao día seguinte sumáronse Xesús Ferro, logo Moncho Castromil e o tristemente

desaparecido Daniel García Ramos. Este último destacou como un gran experto en tocar o bombo, sobre todo en Arzúa, durante a serenata que lles demos na súa habitación a Antón Santamarina e Pedro de Llano.

Entre o grupo había xente que non se coñecía, polo que o encontro no Cebreiro, de comezo, resultou un pouco frío. Chocaba a presenza da xornalista coa súa vestimenta elegante, incluído un pano de seda e zapatos de tacón, e para máis contraste, falando en castelán, co máis puro estilo coruñés. Sen dicir nada, só cunha ollada, fomos varios os que nos preguntamos que facía unha muller con aquela pinta para unha experiencia de cinco días facendo o Camiño ata Santiago. Pois non señor, estabamos totalmente trabucados, porque, sen renunciar a nada do que ela era, Isabel contribuíu substancialmente a cohesionar o grupo e mesmo a darlle certa transcendencia grazas ás magníficas e divertidas crónicas que cada día ía publicando nunha páxina completa de *La Voz de Galicia*.

O Camiño é diversidade e tolerancia. O primeiro cambio produciuse durante as tres longas horas que durou a cea que tiñamos encargada. A frialdade dos comezos empezou a mudar e na medida que foron chegando á mesa unhas fontes de xamón cortado a coitelo, botellas de viño, caldo de verzas con unto, cabrito ao forno, e de sobremesa, queixo con marmelo, que cadaquén ía cortando segundo as súas necesidades. Todo aquilo, paladeado a modíño no colo da conversa, principalmente nas maxistrais intervencións de Carlos Casares.

Sería o principio, no Cebreiro, dunha xuntanza de amigos que tiveron fe e vontade abondo para facer o Camiño de Santiago só no nome da santa amizade.

OS GAITEIROS

Cando presentamos o primeiro tomo da EGU na Casa de Galicia en Madrid, acto presidido por Mariano Rajoy, daquela Ministro de Cultura, veume como anel ao dedo a anécdota inventada polo meu sogro, Manuel Vázquez, o Reluces de Guixó, no concello de Ramirás.

Comecei definindo o personaxe: as circunstancias non lle permitiron ir á universidade, pero supliuna con outra: a da radio. É un alumno avantaxado deste aparato que lle permite “coser e cantar” ao mesmo tempo. Entende de política, historia, xeografía, fútbol, cultura xeral, etc. De mozo afinaba os instrumentos da rondalla sen saber música e toca o laúde.

Pois ben, un día polos anos sesenta do século pasado, enterouse que o seu veciño o “Chanquiñas”, fora comprar unha radio a Celanova con cartos que lle acababan de mandar os seus fillos Teodomiro e Amalia de Venezuela. O Manuel, ao ver pasar o “Chanquiñas” ao lado da súa xastraría coa máquina de sulfatar, botoulle un berro pola ventá para que subise e produciuse a seguinte conversa:

M.- Dixéronme que foras comprar unha radio onde o Mangana, en Celanova.

Ch.- Fun, é certo.

M.- E funciónache ben?

Ch.- E non vai funcionar? Mesmo ao chegar enchufeina e comezou a cantar Manolo Escobar *Mi carro me lo robaron*, que se me puxeron os pelos de punta. E logo á unha en punto deu o parte.

M.- E tráече gaiteiros?

Ch.- E non vai traer? Ten que traelos porque cobrar cobráronma ben cara e díxome que era a mellor que tiña.

M.- Non te fíes dos da vila, que se poden aforrar algo, fano, con tal de gañar.

Entón o Manuel, que coñecía todas as emisoras e programas díxolle: xa veras como a miña tenos. Deulle a unha tecla e apareceron tocando unha muiñeira os Airiños de Castrelos de Vigo.

M.- Aí os tes, son de Vigo. Fuches alí algunha vez?

Ch.- E non ía ir. Estiven dúas veces, a primeira no corenta e dous, cando meu pai foi coller o vapor para marchar a Cuba, e a segunda cando marcharon os meus rapaces hai medio ano para Venezuela.

Ante a evidencia de que a radio do Manuel tiña gaiteiros, o “Chanquiñas” decidiu, aconsellado polo primeiro, ir á súa casa e comprobar se o Mangana o enganara. Efectivamente, enchufou o aparato, deulle ao encendido e comezou a darlle á roda do cambio de emisoras para comprobar que lle tiña gaiteiros; despois

dun cacho de darlle cara adiante e atrás, chegou á conclusión de que o Manuel tiña razón e que o Mangana o enganara. Con rabia e decepción apagouna, xa non tivo gañas de facer nada en toda a tarde, apenas ceou, durmiu mal e á mañá seguinte madrugou, meteu a radio na caixa onde viña gardada, colleu o coche de liña e alá se foi a Celanova, que dista uns doce quilómetros.

Ás nove en punto, cando o Mangana abriu ao público, alí se presentou o “Chanquiñas” todo enfadado.

Ch.- Veño devolverche a radio.

Mg.- E logo? Non che funciona?

Ch.- Funcionar, funciona, pero non ma deches completa.

Mg.- Entón, que lle falta?

Ch.- Non lle puxeches gaiteiros, e ben sabes que pagar pagueicha ben e ao contado.

Mg.- Non cho diría o Manuel, o Reluces?

Ch.- Si, e a del tenos.

Mg.- Pois vas da miña parte e que llos poña el.

Eu rematei a miña breve intervención na Casa de Galicia en Madrid manifestando que se a EGU non leva gaiteiros que non a mercaran.



PREGÓN

VI FEIRA DO LIBRO DE OURENSE (2 ao 10 de xuño de 1990)

Ourensáns!

Permitide que este voso paisano que vén dende o noso mar, que non é outro que o mar de Vigo, o das ondas de Martín Códax, repita, nesta fermosa mañá de xuño, aquilo que, na lonxanía, cantei máis dunha vez, grazas á voz poética do noso inesquecible Celso Emilio:

“Ourense, flor que o meu desterro aruma
arpa da soedá no vento erguida,
lonxano edén, saudade estremecida,
canle de señardá, corgada de escuma.”

Veño diante de vós, benqueridos amigos, para facer o pregón da Feira do Libro, tarefa que, por unha banda, honra a miña condición de ourensán, e pola outra, enriquece o meu agarimo de sempre polo libro, quizais aínda maior dende que, hai anos, asisto como editor ao seu parto, tan fermoso como o dun neno.

Fagamos historia: nun principio foron as cousas e os homes. Despois as palabras, palabras que cada quen

vencella, dun xeito particular, á terra que pisou por vez primeira. No meu caso –permitídemme tamén a referencia persoal–, o meu recuncho de Xunqueira de Ambía e, pouco despois, as rúas, prazas e camiños todos de Ourense; coa alta cruz de Montealegre, as pontes, a catedral, o Posío, as Burgas e, como non, o noso pai Miño, que vén cantando a súa galeguidade dende a luguesa Meira, camiño da onda atlántica, a das singraduras da emigración de tantos e tantos galegos, xentes de Ourense quizais as que máis, como aquel polo que, na voz de Curros, *unba nena choraba sin trégola*.

Que gran verdade aquela que proclamou Cunqueiro, na derradeira estación da súa vida:

Loubado seña Deus –dixo o autor de *Merlín e Familia*– por terme dado o don da nosa fala. Por haberme ensinado a dicir “rula” e “abidueira”, e “dorna”, e “ponte”, e “fonte”. I entón, eu sabendo estas palabras, era verdadeiramente dono da “rula”, da “abidueira”, e da “ponte” e da “fonte”.

E porque existiu esa palabra, xurdiu o libro para perpetua, para lle dar un berce de papel, no que, emocionados, poñamos os nosos ollos: coa xuventude do aventureiro, coa curiosidade do investigador, coa ledicia de quen pasa o adral do ludismo máis universal, coa imaxinación de quen, pola lectura, se converte nun creador de novos e insospeitados mundos.

Nos libros habita a realidade e a fantasía, a historia e a lenda, a lembranza e a visión de tempos vindeiros. Polos libros temos a posibilidade de viaxar, de ollar a afastada Antártida, poño por caso, sen saír do noso fogar. Por eles temos a oportunidade de facer a viaxe

ao carón de Ulises, ou de camiñar pola Alcarria xunto ao noso nobel Cela. Polos libros tamén podemos saír daquel lugar da Mancha e asistir á cerimonia de armadura do cabaleiro Don Quixote. Cos libros na man podemos soñar con Verne e outros soñadores dos que foron e serán. Polos libros, polos camiños, estradas ou canles que son as súas páxinas, podemos atravesar *Longas noites de pedra*, e chegar a tempos máis ledos que coñeceu e coñece a nosa historia.

Se noutro berce, o de Belén, as xentes cristiás atopan, segundo as Escrituras, a súa salvación, neste outro berce de papel está tamén o noso enriquecemento humano. Fomos feitos, si, mais temos que nos facer.

Poucos lugares máis axeitados para facer o canto do libro que na capital da nosa provincia. Non podemos esquecer que os primeiros establecementos tipográficos da nosa terra se estableceron en Ourense, Montearrei e Mondoñedo. E de aquí saíu o *Breviario Auriense*, esa peza bibliográfica que tanto chamou a atención do inglés Norton.

Ourense proporcionou ademais á patria do libro, a máis universal das patrias, a xentes coma Curros e Lamas Carvajal; aos pais da gran Xeración Nós, López Cuevillas, Risco e Otero Pedrayo; a Blanco Amor e Celso Emilio; e nos nosos días a Antón Tovar, Méndez Ferrín, Alfredo Conde e Carlos Casares. E a conta—non é cousa de dubidar—, non está pechada, porque desta nosa boa fariña sairá sempre bo pan.

Non é unha casualidade que, cando Víctor Freixanes pon nas nosas mans, hai catorce anos, aquel libro tan clarificador, coa conversa cunha ducia de galegos, a metade sexan de nación ourensá.

Ourensáns!

Benvidos á Feira do Libro, ao reencontro co meirande dos amigos, nos que atoparedes semellante quentura á das augas das Burgas.

Nun poema castelán lemos:

“Si un día la justicia estuvo sola,
lo sentirá la humanidad entera.”

Non dubidar que unha soedade como a que puidera sufrir o libro tería aínda resultados máis graves. Pero a esperanza, a “árbore de máis pólas”, que dixo o poeta, non morre, aínda que só sexa porque Ourense endexamais deixará de ser Ourense.

PREGÓN

(13 de Agosto de 2004)

Xunqueiráns, amigas e amigos

Aconteceu no século e milenio pasados. O rapaz do que logo lles falarei puido ter nacido na Farria, A Pousa, Cerdeira, Bustelo da Veiga ou Bobadela a Pinta, pero tocoulle nacer en Padroso.

Foi á escola a Abeleda, aquela escola unitaria onde acudían nenos e nenas de cinco a catorce anos e onde se aprendía a ler e escribir, as catro regras e pouco máis... aquela escola onde á rola, ao paspallás e ao merlo lle chamaban doutra maneira e onde non aparecía a carriza, “este mozo aínda non lle viu o cu á carriza”, dicíase.

Aquel rapaz de Padroso lembra os candís de gas, cocíñar na lareira, comer patacas con chourizo e castañas con leite e, como non, a chegada da luz eléctrica e a primeira radio marca Telefunken que funcionaba na casa do señor Martín: “Aquí Radio Intercontinental, Madrid” e na que cantaba Manolo Escobar: “Mi carro, me lo robaron”.

Aquel rapaz de Padroso, que cando tiña que baixar a Xunqueira a feira do 24, a tanguerille o becerro o seu

pai, tiña que ir pola Pía, onde había unha fonte na que se debía beber pouca auga porque, a dicir dos camiñantes, era algo traidora.

Aquel rapaz de Padroso lembra como no ano 1953 o alcalde D. Antonio Puga proxectou a estrada á Limia, que se realizou por prestación veciñal, que se fixo con pico e pa, e nunca mellor dito, e con algún que outro barreno. Iso si, o Concello puña o pan, garrafós de viño e uns “bombos” de sardiñas. Por veces aquel viño matute facía estragos nas relacións de traballo e o capataz, o señor Xaquín da Siota, tiña que intervir ou ameazar coa Garda Civil.

Acabada a “pista”, así era como se chamaba, de coio e terra, viñan a Abeleda o 1 e 15, días de feira en Allariz, as camionetas do señor Modesto, que tiña un motor diésel marca Barreiros, invento dun ourensán con fábrica en Madrid e amigo de Franco, e a do Zarriqueiro; os zarriqueiros eran moitos, guapos e altos como paus da luz e todos dedicados á condución, oficio para o que tiñan habilidades e recoñecemento social.

Sen esquecer o coche mixto do Salomón que transportaba na parte de atrás facenda, sobre todo porcos, e os humanos na parte dianteira e mesmo na baca. O Salomón fabricaba tamoeiros, sogas e pexas dun coiro do mellor.

Acendían os coches con manivela pero, ás veces, había que empurrar entre todos por unha pendente porque, no dicir do chofer, o motor “estaba borracho”.

Logo no traxecto había que ir parando en todas as aldeas ou cruces, para ir recollendo os viaxeiros: Cima-devila, Quintela... pero había dúas paradas obrigadas. A primeira, en Xunqueira, diante da Cantina, onde era

costume para os homes tomar a copa de licor café que sempre servían con parsimonia e bo humor o Ramirito, o Toñito e o Sergito, e que, no dicir de todos, era un licor café do mellor do mundo.

A outra parada era en Vilaboa para deixarlle ao ferreiro as aixadas, rellas, sachos, fouces e fouciños coa condición de que o urxente tiña que estar “aguzado” para a volta da feira e o resto para dentro de quince días.

Aquel rapaz de Padroso lembra como cando por segundo ano regresou de vacacións do Seminario de Ourense, onde estudaba latín e grego, e cando, despois de asistir á misa ás oito da mañá na parroquial de Abeleda e logo de parar a ler o periódico e conversar na tenda co señor Pepe, ao subir polo monte atopouse co seu padriño Ricardo, que era mestre de canteiros e traía cuadrilla.

Todo o mundo sabe que os canteiros, mentres lle dan o pico, mellor dito, mentres dan co pico na pedra, poden darlle ao pico e crear desa maneira o barallete.

Pois ben, mentres todos batían co pico, o Juan do Antonio do Camila de Pazos, dirixíndose a este estudante de segundo de latín, díxolle: “a ver, rapaz, estudante que estudas en libros fondos, como pode un burro cagar os cagallóns cadrados tendo o cu redondo?” O rapaz non soubo sacar da súa ciencia ningún tipo de resposta e marchou entristecido e infravalorado, camiñando por Pousadas e A Cencela ata Padroso.

Todos os días e á mesma hora se repetía a mesma cantilena e pregunta, sen que os pais, amigos e veciños lle axudaran a atopar unha resposta satisfactoria. Ata que un día, o seu padriño Ricardo díxolle: “Cando o Juan che volva facer esa pregunta ti contéstalle en castelán desta maneira”.

Dito e feito. Ao seguinte día volve o Juan: “A ver rapaz, estudante...”. O rapaz levantou a cabeza, botou peito e con voz atiplada pero firme, díxolle: “Según mi ciencia lo explica, hay un cantero dentro que se los pica”.

Aquel rapaz de Padroso no milenio e século pasado tivo a súa primeira bicicleta, unha Orbea, que empregaba para baixar a Xunqueira pola pista de coio, para ir ao río, comer un bocadillo de xamón despois de bañarse e logo tomar unha gasosa que fabricaba o Grandísimo e que axudaba a arrotar moito. Na Limia dicíase que os de Xunqueira facían máis festa cunha gasosa do Grandísimo que eles cun garrafón de viño.

De regreso e pese a ter recuperado moitas forzas, ao pasar Quintela e nas curvas da Pía, o rapaz tiña que baixar do artiluxio de dúas rodas e levalo “de ramal”.

Aquel rapaz de Padroso, ao que levo tratando e coñecendo hai máis de sesenta anos, lembrábame ao Evaristo, o carniceiro, o que acudía a comprar algo de vitela, non moita, porque a faltriqueira da súa nai non daba para máis. A Celerina que nunca estaba de mal humor e tiña case de todo o que facía falla e a D. Manolo. A Dona Maruja Puga, fachendosa e chea de enerxía. A D. Asdrúbal Ferreiro, que levou un canastro destas terras para colocalo na finca do seu chalé preto de Toledo e os lugareños, ao velo por primeira vez, con cruz e todo, pensaban que era un panteón, e a Jorge, que lle abriu as portas dunha amizade e dunha casa onde o convidaba a bo viño e licores.

Ao señor José Ramón, o zapateiro, que remendaba e facía zapatos novos para as medras. Ao señor Pepe, o xastre, que cando metía a cinta para medir o

longo das pernas dos pantalóns preguntaba para onde se cargaba. A Daría, que se fartaba de darlle á manivela para coller liña no fío telefónico. A Juan, o barbeiro, que nunca tiña presa e humanizaba con palabras mentres lle daba á tesoirá ou pasaba a navalla rasuradora.

A D. José, o Rosca, que subía a cabalo a súa “molinera da Medorra”, que tiña luz eléctrica con central propia no río Arnoia. O Forno das Paxaras, onde viñan as mulleres de Padroso a bater os roscóns para a Festa do San Vicente e traer o “mexunxe” para as empanadas. O comercio novo do Arturiño, onde se podía mercar desde tea para un mandil ata calquera peza de roupa de home ou muller, e todo iso adobiado co “eiqué o cliente é o rei” que te transmitía o afaible comerciante.

Aos ferradores, onde case sempre había algún cuadrúpede agardando quenda para mellorar ou cambiar de calzado. A Salvador, coa súa chambrá escura na procura de pernís. A Pepe, O Chiflas, que namorou na Abeleda, experto extirpador de criadillas e criadeiras. A Teófilo, O Parrulo, que tocaba as campás que case as facía falar. Ao Padre Antonio, que por un nosopai e tres avemarías perdoaba pecados que non existían.

E, como non, aos amigos de xeración cos que xogaba ao fútbol, no campo improvisado do Bosque: ao Lolo, porteiro; ao Tucho, un dianteiro de moita categoría; ao José Luís do xastre, fornido defensa central; ao Carlos Arregui; ao Paco R. Dacosta; ao Arturo do Viñal; ao Pepe Cardama, que a terra lle sexa leve; a José Malvar, o Filomeno do Covelo; a Manolo, o Verde da Siota; o Gil e a José Manuel, hai varios, o da Celerina, o

do Rosca e o da Perfeuta; a Sergio e Quinito e a tantos outros que andan polo mundo adiante levando con orgullo esta nosa patria, esta nosa marca de ter nacido na Farria, o Covelo, a Pousa, Sanxillao, Salgueiros, Armariz, Os Casares, As Casas Novas, Merí, Chouzana, Outorelo, San Andrés, Vilanova, Vilariño do Río, Requeixo, Requeixiño, A Siotá, Cerceíra, Acebedo, Quintela, San Martiño, Xunqueiroá, Carnaloba, Fondevila, A Brandela, A Graña, Vilameá, Cimadevila, Abeleda, Pazos, A Telleda, Bustelo, Casasoá, Vilariño da Veiga, Bobadela, Sobradelo, San Román, Busteliño, Padroso ou na acolledora e nobre vila de Xunqueira de Ambía.

En nome de cantos teño citado, e en nome de cantos viviron ou viven neste noso territorio e mesmo en nome de cantos nos visiten nestes días de Festas Patronais de Xunqueira de Ambía, e tratando de interpretar o sentir unánime da Comisión de Festas que me deu o honor e honra de ser o pregoeiro, e por mandato do Ilustrísimo Señor Alcalde,

PROCLAMO:

Que os sete pecados capitais se dividen en dous grupos, a saber: os de secaño e os de regadío.

Polo que, en orde ás facultades que me foron atribuídas,

MANDO E ORDENO:

PRIMEIRO: Os pecados de secaño: soberbia, avaricia, envexa, ira e preguiza, quedan rigorosamente prohibidos durante estes días, menos a preguiza para a que se lle concede bula temporal mentres duren as calores.

SEGUNDO: Os pecados de regadío: a gula, que nós entendemos por manducancia e bebencia, e a luxuria, que

identificamos fundamentalmente no territorio da entreperna, quedan permitidos, se ben se deben practicar con mesura, ponderación e discreción para ben do corpo e da alma.

O que se asina en Xunqueira de Ambía, a 13 de agosto de 2004, para o seu estrito cumprimento co visto e praxe do Ilustrísimo señor Alcalde.

O Pregoeiro

BIEITO LEDO CABIDO





FESTAS DE XUNQUEIRA DE AMBÍA

13, 14, 15 e 16 de agosto de 2004

En nome de cantos leño cillado, e en nome de cantos vitreos os vivan neste noso territorio e mesmo en nome de cantos nos visiten nestes días de Festas Patronais de Xunqueira de Ambía, e tratando de interpretar o sentir anónimo da Comarca de Festas que me deu o honor e honra de ser o pregoeiro, e por mandato do Ilustísimo Señor Alcalde:

PROCLAMO

Que os sete períodos capitais se dividan en dous grupos, a saber os de semana e os de traxada. Polo que, en cada as fidelidades que me foran atribuídas.

MANDO E ORDENO

Primeiro: Os períodos de semana: soberbia, avareza, invidia e peregrina, que dan rigorosamente prohibidas durante estes días, menos a peregrina á que se lle concede toda temporal mentres duran as celebracións.

Segundo: Os períodos de traxada: a gula, que asía entende mas por manducancia e belerancia, e a luxuria, que idéntificamos fundamentalmente no territorio da culpeirna, quedan permitidos: se ben se deben practicar con mesura, pouca detención e discreción para ben do corpo e da alma.

O que se asina en Xunqueira de Ambía, a 13 de agosto de 2004, para o seu cálido cumprimento co visto e prace do Ilustísimo señor Alcalde.

O pregoeiro

Bieito Lido Cabido



PREGÓN

FESTAS DE XUNQUEIRA DE AMBÍA

(12 de AGOSTO de 2005)

Bieito:

Boas noites. Donas, señores, mozos e vellos, nenos e nenas, gays e lesbianas, transmítelles Radio Xunqueira, que poden conectar boca-boca os presentes, onda curta os propios da vila, en onda media os da Farria e Quintela, e na longa Busteliño, Caracoá e demais localidades desa mesma lonxitude.

Os nosos veciños de Allariz, Xinzo e Maceda deben facelo por vía telefónica.

Os de Vigo por Internet, incluída a miña nai, oriúnda de Bustelo da Veiga, emparentada en Padroso e que reside actualmente nese gran barrio de Ourense na Ría de Vigo, por mor dos 89 anos que vai cumprir o próximo luns. Responde por Secundina.

Os de Érmua, Éibar, Baracaldo e Barcelona por vía satélite.

E todos os demais procedentes destas terras, quérese dicir, Suíza, Francia, Alemaña, Holanda, Arxentina, Cuba, vía transbordador da NASA. E no caso de que falle, enviar todos os presentes vía Emilio, mensaxes tranquilizadoras de que estamos todos ben,

temos bo tempo e comida dabondo para poder comer tres veces ao día. E por si acaso falla o sonido, temos connosco a intérprete Margarita, que fai a tradución simultánea.

(Levántase o Pipo e fai os xestos)

Como acaban de comprobar nas súas pantallas transmitiulles inequivocamente:

(O Pipo volve repetir segundo vai escoitando)

“Señoras e señores, entramos en antena”

E dito todo esto, comezamos co programa CORRE CARMELA QUE CHOVE. Fálalles Bieito Ledo.

Temos connosco ilustres e conocidísimos personaxes. Comecemos polo de máis idade. Boas noites, D. Manuel.

Fraga:

Boas noites, amigas e amigos xunqueiráns, e un saúdo moi especial para o meu querido amigo, o editor Bieito Ledo, oriúndo destas marabillosas terras e das que tanto presume cando fala ou escribe, e moi especialmente da súa aldea de Padroso. O señor Ledo é merecente dunha Medalla Castelao.

Bieito:

Graciñas D. Manuel. Temos tamén a D. Fidel Castro. Buenas noites, Presidente.

Fidel:

Es un alto honor para mi, venir a estas tierras de donde partieron para Cuba algunos de sus antepasados en busca de una vida mejor, y muchos, incluso, participaron en la revolución.

Bieito:

É certo, señor Presidente. O meu abuelo materno, Serafín Cabido, O Chana de Bustelo, embarcou en Vigo varias veces para Cuba e alá deixou boa parte da súa xuventude e sudor.

Sáúdalles o zorro de Arteixo, D. Arsenio, por favor.

Arsenio:

Que duda cabe, coño. Que o Deportivo está comezando a xogar mellor, despois da marcha de Mauro Silva e recentemente de Fran. Agora hai unha plantilla nova, con novos valores, que incluso pode eliminar o próximo día 23 ao Marbella, nin máis nin menos. Hai que darlle tempo ao tempo. Que duda cabe, coño.

Bieito: Señor alcalde de A Coruña.

Paco Vázquez:

Querrá usted decir La Coruña. Hecha esta aclaración, no me cabe la menor duda de felicitar a D. Manuel por esas merecidísimas vacaciones en Perbes. Que bien lo merece, después de lo mucho que lleva trabajando por esta tierra, que con el tiempo toda la gente de La Coruña, de Galicia y de fuera de Galicia, y de España, e incluso del extranjero, incluído el Papa y Bush..., se lo van a reconocer..., y mucho. Y bien lo merece. Y hay que ser agradecidos, que a mí, que soy de izquierdas, me vino a la boda de un hijo. Y eso no lo olvido, D. Manuel.

Fraga:

Meu querido amigo, a experiencia que me dá ter traballado tanto, das seis da mañá que me levanto ata as

doce da noite, e durante tantos anos, por España, onde fun ministro en varios gobernos, embaixador en Londres, profesor e non sei cantas cousas máis, e durante 16 anos Presidente desta nosa Galicia, eu recoméndolle que vostede vaia pensando en retirarse a tempo, antes que o retiren os votos dos cidadáns, como me fixeron a min.

Paco Vázquez:

Fitivamente, fitivamente, D. Manuel. Tiene usted toda la razón. Pero usted perdió por bien poquito y además está uniendo a todo el gallinero del PP, y no se le mueve nin una gallina, ni ningún gallo, y bien sabe que los tiene como los capones de Villalba.

Bieito:

E por último, tócalle o turno ao noso veciño, o señor Vicepresidente da Xunta de Galicia, D. Anxo Quintana.

Quintana:

Boas noites a todas e a todos. Estou encantadísimo de estar nestas incomparables terras do Río Arnoia que nos unen a Xunqueira e Allariz, disposto a informar á nosa amabilísima, fidelísima e intelixentísima audiencia da marcha do goberno bipartito entre o PSOE e o BNG.

Arsenio:

Pero non todo vai ser fútbol e política, coño.

Bieito:

Teño orde da Comisión de Festas que CORRE CARMELA QUE CHOVE non debe aburrir, polo

que os que o escoitan boca-boca poñen cara de cabreo, teño que abrevialo para que comece a tocar a orquesta.

Todos:

Faltaría máis!

Bieito:

Faremos varios sorteos con agasallos extraordinarios para quen acerte algunha das preguntas da nosa cultura.

Todos:

Non se espere máis!

Bieito:

Pero antes dos sorteos vai actuar para todos ustedes o cantante de fama internacional cunha canción composta para esta ocasión. Con ustedes, Cañita Brava.

Todos:

Aplausos.

Bieito:

Primeira pregunta que fai D. Manuel, que como profesor, escritor e enciclopedista vai dirixida aos estudantes universitarios e todos aqueles que fixeron carreira. D. Manuel, por favor.

Fraga:

Estudante que estudas en libros fondos, como pode cagar un burro os cagallóns cuadrados, tendo o cu redondo...?

Bieito:

Como pode haber ouvintes que non entenderon ben a lingua e na lingua de D. Manuel, facemos versión na cervantina de D. Francisco Vázquez.

Paco Vázquez:

Estudiante que estudias en libros hondos, ¿cómo puede cagar un burro los cagallones cuadrados, teniendo el culo redondo...?

Todos:

Moi ocorrente D. Manuel!

Bieito:

Todas as respostas poden envialas polos teléfonos sobreimpresionados nas súas pantallas, así como por www.correcarmelaquechove.xunqueira.com

Todos:

Veña a participar!

Bieito:

Arsenio fai a segunda pregunta.

Arsenio:

Que duda cabe, coño, que a miña non pode ser tan complicada como a de D. Manuel. Sendo as 11 en punto da mañá do día 22 de xaneiro pasado, e despois de dous días nevando e logo dunha xeadada de moito carallo, un paxariño, vítima da friaxe, estaba agonizando no medio do camiño na aldea de Padroso. E nese difícil momento pasa por alí unha vaca do Martín e bótalle unha cagada. Coa calor da bosta o paxariño

comeza a revivir e a piar, pío, pío, pío... Ao escoitalo, un gato que andaba por alí abalanzouse sobre el, sacouno da merda e comeuno. Desta experiencia temos que sacar tres moralexas.

Bieito:

Como D. Arsenio explicouno tan ben, non é necesario traducilo.

E vamos xa coa resposta da primeira pregunta. Recibíronse 1.728. Só hai unha correcta. Señor Presidente.

Fidel:

La del burro, que nosotros en Cuba también decimos pollino. La respuesta correcta es: “Según mi ciencia lo explica, hay un cantero dentro que se los pica”.

Todos:

Noraboa, noraboa o premiado!

Bieito:

O agraciado ou agraciada vén sendo...

Todos:

Parabéns! (Aplausos).

Bieito:

Antes de dar paso á terceira e última pregunta, vamos coas moralexas que se poden sacar do paxariño, a merda e o gato.

Quintana:

Recibidas 3.739. Acertaron sete. A resposta correcta é... D. Manuel.

Fraga:

Primeira moralexa: Non todo o mundo que che bota merda te quere mal.

Segunda: Non todo o mundo que te saca da merda te quere ben.

E terceira: Se estás ben na merda non pías.

Bieito:

De novo versionado en cervantino con aire e acento caribeño.

Fidel:

Primera moraleja: Non todo el mundo que te echa mierda, te quiere mal.

Segunda: No todo el mundo que te saca de la mierda te quiere bien.

Y tercera: Si estás bien en la mierda no pías.

Bieito:

Feito o sorteo entre os sete acertantes, o premio é para: A Comisión de Festas.

Todos:

Ben merecido, si señor! Bien merecido! Que duda cabe, coño! Unha fartura de satisfacción!

Bieito:

Estou vendo moita xente de fóra e non lle temos falado nada serio do noso concello.

Fraga:

Se mo permite, señor moderador. Xunqueira de Ambía, concello situado no centro da provincia de

Ourense, no sur de Galicia. Pertence á comarca de Allariz-maceda. Limita ao norte cos concellos de Paderne de Allariz e Baños de Molgás, ao sur cos de Sandiás, Saneans e Xinzo de Limia, ao leste con Vilar de Barrio e Baños de Molgás, e ao oeste con Allariz. A súa extensión é de 60,2 km² e ten, segundo o último censo de 2004, 2.105 habitantes, e un máis que naceu neste ano e que responde por Miguel Cid Pérez, neto para máis inri de Salvador. Conta con seis parroquias: Abeleda, Armariz, Bobadela, A Graña, Sobradelo e Xunqueira de Ambía. En 1950 o concello de Xunqueira de Ambía contaba con case 5.000 habitantes, momento a partir do cal comeza a marchar xente para Éibar, Érmua, Baracaldo e Bilbao.

Todos:

Sabe máis ca unha Enciclopedia!

Bieito:

Ten razón D. Manuel, ata tal punto que saía todas as semanas un coche de liña que partía da Cantina para as Vascongadas e por onde se lle mandaban sacos de patacas e bolsas de chourizos para que non pasaran fame e pudesen aforrar, todo o que pudesen, cartiños que logo enviaban e, boa falta que nos facían aos que quedabamos eiquí!

Todos:

Canto temos cambeado!

Arsenio:

Que duda cabe, coño. Que temos mellorado e o Deportivo e o Celtiña tenos dado moitas alegrías. Esta-

ría moi ben saber, señor Quintana, para seguir mellorando, quen vai facer o caldo no goberno da Xunta.

Quintana:

O caldo faino calquera, o caso é ter con que; e o señor Fraga deixounos a despensa vacía.

Todos:

Home, non será tanto!

Fidel:

Ustedes sólo saben hablar de comer, nosotros en Cuba comemos poquito y hablamos mucho de la revolución, para que no decaiga.

Fraga:

Estou dacordo co meu amigo Fidel, hai que comer menos e traballar máis, como fai il e mais eu.

Paco Vázquez:

Iquilicuá, iguilicuá, hay que trabajar más, pero un caldito bien hecho, calienta la barriga y dá energía y a los políticos nos hace falta mucha, que tenemos que aturar a mucha gente.

Arsenio:

Para que o caldo saia ben, é moi importante a auga.

Bieito:

Aquí non teríamos problema. A de Farria é boísima. Non ten nada de cloro. Vén directa do manantial.

Fraga:

E unhos puñados de fabas.

Paco Vázquez:

Con las habas hay que tener mucho cuidado, que tienen unos efectos secundarios muy peligrosos, sí, sí, muy peligrosos, sí, la habada produce muchos gases...

Arsenio:

En Arteixo aos gases chamámoslle doutra maneira, que duda cabe.

Fraga:

Queridos amigos, non sigamos por ese camiño, falando de cousas que as leva o vento e concretemos como van facer o caldo o señor Touriño e o señor Quintana.

Paco Vázquez:

Fitivamente, fitivamente, pero déjeme decir D. Manuel, que la habada es muy peidorenta y creo que le sienta muy mal al señor Rajoy, y se lo digo con la buena intención que si lo convida a comer en Perbes, no se la ponga, que luego se relaja y no aprieta bien los esfínteres y las cachas del culo, y la puede cagar. Me estoy refiriendo a lo de la sucesión. Usted ya me entiende. ¿Non si...? Como dicen los galleguistas.

Fraga:

O caldo é o prato principal de Galicia.

Quintana:

Aparte da auga de Farria, e as fabas de Armariz, precísase un cacho de touciño entrefrebado e afumado en Busteliño.

Paco Vázquez:

A mi me gusta mucho el tocino ahumado en Bustelito.

Fraga:

Busteliño, caramba.

Paco Vázquez:

Yo digo Bustelito para que entiendan los de fuera.

Quintana:

Os de fóra teñen que saber e pronunciar os nosos nomes tal como son dende fai máis de mil anos: Busteliño, Bustelo de Veiga, Cerdeira, Xunqueiroá.

Arsenio:

Que duda cabe, coño. Que temos que respectar as nosas cousas e xogar cos xogadores que temos.

Paco Vázquez:

Faltaría máis. Yo no me opongo al gallego, lo mismo que hace aquí en Junquera doña Maruja Puga. Con que señorío habló siempre en castellano, y siempre se entendió, y bien, con todo el mundo y, además, como tiene que ser, con mucha simpatía.

Arsenio:

Pero vamos a ver, coño, Requeixo, Requeixiño, Cerdeira, non se poden traducir.

Paco Vázquez:

Cómo que no. Requeixo por Requesón, Requeixiño por Requesito, y Cerdeira por Cerezo. Y que bien sueñan en castellano.

Fidel:

Cada día que paso en esta tierra de mis antepasados me doy cuenta que ustedes necesitan unha revolución cultural. Más libros y menos Fiestas de la Empanada, la Tortilla y el Pimiento. Gastan ustedes demasiada plata en comidas y en foguetería. ¡Viva la revolución cultural!

Todos:

¡Viva, viva! ¡Viva la revolución cultural! ¡Viva, viva!

Paco Vázquez:

¡Que bien nos entendemos todos! No parecemos políticos.

Bieito:

E o caldo que temos ao lume con auga de Farria, fabas de Armariz, touciño de Busteliño, precisará que o señor Quintana lle bote algo máis, ou non...?

Quintana:

Home, se puderamos botarlle un cachiño de lacón afumado en Padroso, non lle estaría mal, e un cachiño de vitela da carnicería do Moncho. Todo esto dálle moita sustancia.

Arsenio:

Que duda cabe, coño. Que ao estar fervendo a cachón, hai que botarlle a verdura. Se lle preguntara a Mauro Silva diríame grelos, e Fran verza.

Fraga:

E se Touriño e Quintana non están dacordo...?

Quintana:

Trataríamos de pormos.

Fraga:

E se non se pon...?

Quintana:

No caso improbable de non chegar a un acordo, aplicaríamos o veredito das urnas, é dicir, e que quede ben claro a vontade democrática deste goberno de Galiza, que nese caso concreto e despois de consultar coas bases, dúas semanas seguidas botaríanselle os grelos do señor Touriño, e a semana seguinte as verzas do BNG, e así sucesivamente até esgotar o mandato.

Bieito:

E as patacas.

Quintana:

Neste ingrediente estaríamos dacordo ao cen por cen, incluídas as bases; teñen que ser patacas galegas, e a poder ser de Pazos, da parte seca que son máis fariñentas. Como as patacas de Galiza non hai!

Fidel:

Reconozco que tienen ustedes unos productos maravillosos y asequibles para el pueblo. El otro día en Láncara, la aldea de mi padre, me sirvieron un plato de cachelos con pimientos de Arnoia, un par de huevos caseros encima, que estaba divino.

Arsenio:

Que duda cabe, coño. Que o que di o señor Presidente da Revolución Cubana, púñallo eu con moita

frecuencia aos xogadores do Deportivo, que os güevos dan moita virilidade e cando se esborrallan pola pataca fan un bipartito que parece un, que duda cabe, coño.

Bieito:

Entonces, Quintana, ben de patacas, ben de fabas, ben de carne, ben de verdura?

Quintana:

Home, todo o que dixemos está ben, pero fáltalle un chouriciño.

Arsenio:

Eso está ben, coño, que o caldo ten que estar substancioso, que duda cabe.

Paco Vázquez:

Cuidado Quintana; todo esto está bien, pero el toque del caldo galaico se lo dá el unto. ¿Qué tal de unto?

Quintana:

Home, nós quixeramos que o unto fose máis do que é, que duda cabe. Todo está ben, pero o caldo sen unto non é caldo. Nós botámoslle o que poidemos e queremos que o goberno do Estado nos dea máis unto, porque son moitos anos os que no lo leva sacando. O Estado ten unha gran débeda con Galiza. E nós queremos que empece a saldala, claro. De aí que esperemos máis unto.

Bieito:

E que lles parece para ir acabando e non aburrir a nos amplísima clientela se recordamos algún perso-

naxe ilustre desta queridísima vila de Xunqueira de Ambía.

Fraga:

Antes de acabar permítanme que llo diga, que Xunqueira é unha vila con un grande patrimonio cultural: igrexa con tres bóvedas, claustro, un órgano barroco que se debe visitar con moito deteñimento e se é o caso, rezar, que dito sea de paso, non fai dano ningún.

Paco Vázquez:

Está Ud. D. Manuel con todas las facultades a pleno funcionamento; parece una auténtica Enciclopedia.

Fraga:

Meu querido amigo Alcalde, todo canto dixer, e o que non dixer, pero deixo dentro de min para outras ocasións, aprendino lendo e estudiando en moitísimos libros, e moi especialmente na *Enciclopedia Galega Universal*, que está a punto de acabar o meu querido amigo, o editor D. Bieito Ledo.

Bieito:

Pero, volvendo ao rego dalgún personaxe ilustrado...

Todos:

Xa era hora!

Arsenio:

Cando vin eu a Xunqueira para ver o equipo desta vila e poder fichar o Tucho, que gran xogador!, como

remataba coa esquerda!, conocín ao Lagarto, personaxe que percorría todas cantas feiras había ao redor, incluído as de Ourense.

Bieito:

O Lagarto preguntaba cantas curvas hai dende Xunqueira a Ourense.

Fidel:

Para mi entender es un problema de hacer un viaje y contarlas.

Quintana:

Depende de por onde se faga o viaxe: por Allariz ou pola Rabeda.

Arsenio:

El decía que só había dúas.

Paco Vázquez:

¿Cómo que dos?

Arsenio:

Si dúas, a curva da dereita e a curva da esquerda.

Fidel:

Perdonen ustedes, pero cada día que paso en estas tierras los entiendo menos.

Arsenio:

Mire, Señor Presidente, hai cousas que só as podemos entender os que nacemos aquí, por eso falamos distinto, que duda cabe, coño.

Fraga:

Amigo Fidel, a curva da dereita pode repetirse as veces que se queira, pero é a curva da dereita, e a de esquerda pásalle o mesmo, aínda que a vostede lle guste máis.

Fidel:

Amigo Fraga, se nota con creces su profunda y amplia capacidad para expresarse.

Bieito:

E xa para rematar unha última pregunta que debe quedar sen responder ata o ano que vén, para que participen máis, incluso os do estranxeiro.

Paco Vázquez:

Que la haga D. Manuel, que es el que más años tiene y el que más sabe, clarísimo, clarísimo.

Fraga:

Póñenme nunha situación delicadísima, pero como sempre estiven, estou e estarei ao servizo de España e desta nosa Galicia que levamos dentro de nós, non teño máis remedio que para compracer á Comisión de Festas e ao Ilustrísimo señor Alcalde de Xunqueira, ao meu amigo Fidel, ao noso gran adestrador Arsenio, ao amigo Paco Vázquez e, como non, ao amigo Quintana, vicepresidente da Xunta de Galicia, teño a ben facer e fago unha pregunta da nosa peculiar cultura e de difícilísima resposta: “Se hai un retratista e lle saca un retrato a un morto, e o retrato aparece movido, ¿de quen foi a culpa, do retratista ou do morto?”

Paco Vázquez:

Con el permiso de D. Manuel. Para que lo entiendan los de fuera: si va un fotógrafo y le saca una fotografía a un muerto, y la fotografía aparece movida, ¿de quien fue la culpa, del fotógrafo o del muerto...?

Bieito:

E xa para rematar, de verdá, de verdá, imos brindar.

Fidel:

Por Cuba Libre.

Fraga:

Por Galicia e España.

Paco Vázquez:

Por Galicia y España, y Europa.

Arsenio:

Polo Deportivo.

Quintana:

Por Galiza Ceibe e Popular.

Bieito:

Por Xunqueira e as súas festas.

Todos:

Por Xunqueira e as súas festas.



MEDRAR

POR

DENTRO

Teño gastado a miña vida adicada ao mundo do libro. De primeiras abrindo unha libraría e xa deseguido como editor. Facendo reconto, en todos estes anos levo editado máis de cincocentos títulos e varios millóns de exemplares, sen que ata o momento teña un da miña autoría.

Son consciente do atrevemento, pero como teño editor, toda a culpa será deste e non daquel, que non existe.

Este último acontecer vai motivado pola obriga de agradecemento á miña patria de Padroso, Xunqueira de Ambía, que quixo honrarme cun título que non merezo, pero que me enche de orgullo e que considero e valoro como o mellor dos honores que podo recibir. Graciñas de verdade!

Pois ben, este libro de Aconteceres obrígame a facer unha última reflexión que teño utilizado nalgunha dos varios centos de presentacións realizadas nesta

miña andaina editorial. Por que unha cousa tan pequena, que se pode mercar por uns cantos euros, pode provocar cando sae ao mercado un acto social, un acontecemento que ao día seguinte é noticia, mesmo portada dos xornais...?


Que outras cousas, que non sexan os libros, ao saír ao mercado crean noticia? A moda e mediante tres ou catro veces ao ano como moito, a botadura dun barco de certa envergadura, un modelo novo dun coche...E pouco máis.

En cambio, cando sae un libro é capaz de concitar a un grupo de admiradores e aparecer nos medios de comunicación. Por que?

Teño matinado moito, e penso que os dous vultiños que vin nacer, meus fillos Bieito e Anadía, e permitídemme que siga personalizando, foron medrando por fóra, primeiro mamando dos peitos da súa nai, logo tomando leite, froita, carne, peixe..., pero chega un momento que por moito que coman xa non medran máis; só poden comer tres veces ao día e calzar un par de zapatos, aínda que teñan moitos, nin levar máis dun pantalón e unha camisa.

En cambio, ao nacer, comezaron a medrar por dentro, sorrindo as primeiras miradas e aloumiños da nai, interiorizando as cores, os espazos, os códigos dos sons; comezaron a falar, a escribir; o colexio, a Universidade.

Ben pensado, todos nós temos recibido máis dedicación en tempo e en esforzo económico e humano para medrar por dentro que por fóra. No meu caso, e conféssoo, levo investido moito máis en que eses dous vultiños medrasen por dentro. E só unha persoa, e recoñezoo, tenme gañado; esa é a miña dona Anxos.



Se renunciáramos a este medre, a vida xa non tería sentido. Estamos morrendo e aprendendo, e por iso seguimos estando vivos.

E de todo canto hai que nos axude a medrar por dentro, o que máis, sempre foi, é e será, o libro.

Índice

PRÓLOGO.....	9
FORZA TELÚRICA.....	13
A VIDA MESMA.....	17
ALGO MÁIS.....	19
DURMIR FÓRA DA CASA.....	21
A FESTA COMO DIVERTIMENTO.....	23
TRASALBA.....	25
AGERE CONTRA.....	27
NA ESCALEIRA.....	29
MOLLAR A PALABRA.....	31
CHAVOLAS.....	33
MELLOR AQUÍ.....	35
O TEMPO.....	37
FACER UN CESTO.....	39
O CAMBIO.....	41
XA TEÑO UN.....	43

O MATERIAL.....	45
IR INDO.....	47
A IDADE.....	49
NA FLOR DA DIANTEIRA.....	51
NIHILISMO.....	52
COMO TEN QUE SER.....	53
INTELECTUS APRETATUS.....	55
ROMARÍA.....	57
A GRAVATA.....	59
A RÍA DE VIGO.....	61
A AUGA.....	63
LIBROS.....	65
O TEMPO.....	67
O MUNDO.....	69
O MOTOR.....	71
AS CHANZAS.....	73
ROMA.....	77
A SONDAXE.....	79
HAI QUE VIAXAR.....	81
A EMIGRACIÓN.....	83
OS GATOS.....	85
OS CABREIROS.....	87
QUE PESO!.....	89
NIHIL EST IN INTELECTO.....	92

DOUS INVENTOS.....	93
O DIÑEIRO.....	95
O CEBREIRO.....	97
OS GAITEIROS.....	99
PREGÓN. VI FEIRA DO LIBRO DE OURENSE.....	103
PREGÓN. FESTAS 2004.....	107
PREGÓN. FESTAS 2005.....	115
MEDRAR POR DENTRO.....	135
ÍNDICE	139

Este libro,
Aconteceres,
de BIEITO LEDO,
rematouse de imprimir
no mes de San Xoán,
cando todos os habitantes de Padroso,
os bípedes, os cuadrúpedes,
os ovíparos, os réptiles...
están a celebrar unha festa que
vai durar “mil primaveras máis”

